O 15 de abril de 2021, aprobábase no Parlamento de Galicia, por unanimidade, unha iniciativa na que se reclamaban melloras no ferrocarril de ancho métrico Ferrol-Xixón, máis coñecido polo seu antigo nome *Renfe-Feve* (agora *Renfe Cercanías AM*)

O acordo final, froito dunha transacción entre o Grupo Socialista e unha emenda presenta polo Grupo Popular, pedía ao Goberno central que desenvolvera unha serie de actuacións entre as que citaba a “limpeza, roza e mellora da liña; mantemento e mellora das estacións; estudo de posibles novas estacións e apeadoiros en función da demanda; mellora progresiva do material rodado; revisión das frecuencias actuais conforme a recuperación da demanda e o establecemento de procedementos claros de actuación no caso de que se produza calquera tipo de incidencias nos que primen a calidade do servizo e o confort dos usuarios”

Se nun primeiro momento o feito de que a iniciativa fora da autoría do PSOE, partido no Goberno de España, permitía albergar certas esperanzas sobre o pronto cumprimento deste acordo, a realidade é que este servizo público ferroviario non só non ten mellorado se non que empeorou dun xeito significativo nos últimos anos, ata o punto de que existen voces que alertan dun posible desmantelamento.

De feito, son os propios traballadores deste servizo (a través dos sindicatos), os alcaldes da zona e os usuarios os que denuncian que o ferrocarril de vía estreita en Galicia cada vez ten menos frecuencias e son menos fiables debido ás avarías continuas. Sinalan tamén que carecen de persoal tanto nos propios trens como nas estacións. De feito, está a producirse unha perda continuada de postos de traballo: fai seis anos había 12 persoas traballando na Feve na comarca da Mariña lucense e, na actualidade, tan só hai sete persoas para prestar todos os servizos. Multiplícanse as queixas tamén pola falta de espazo nos vagóns e pola falta de reforzos durante o verán ou non momentos de maior demanda, como poden ser as festas das localidades que percorre o tren.



A maiores da situación descrita, hai que engadir a preocupación que os sindicatos trasladan polo contido da futura Lei estatal de Mobilidade Sostible, que podería servir como escusa para eliminar este servizo ferroviario apelando a criterios meramente económicos e desprezando ás necesidades reais da poboación, sen ter en conta que esta liña ferroviaria contribúe a comunicar e vertebrar a comarca da Mariña lucense, Ortegal e Ferrolterra.

Sindicatos, traballadores e alcaldes e alcaldesas da zona buscan impulsar unha fronte unida para terminar coa marxinación do norte das provincias de Lugo e da Coruña en materia de infraestruturas ferroviarias, evitando que os cidadáns dos núcleos rurais poidan verse, unha vez máis, prexudicados polas políticas de transporte do Goberno que preside Pedro Sánchez o que, ademais, contribúe a aumentar o despoboamento das zonas máis afastadas das grandes cidades.

Por todo o exposto, as deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular presentamos a seguinte proposición non de lei en Pleno.

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para que adopte as seguintes medidas:

1º.- Acometa as melloras técnicas, organizativas e de dotación persoal precisas para garantir o axeitado funcionamento da liña ferroviaria de vía estreita Ferrol-Xixón en condicións de calidade e, nomeadamente, cumpra o previsto no acordo acadado na Comisión 2ª, de Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, o día 15 de abril de 2021

2º- Reforce as frecuencias e horarios destes servizos ante o incremento que experimenta a demanda e co obxectivo de garantir a mobilidade e os desprazamentos habituais dos cidadáns”.

Santiago de Compostela, 8 de setembro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 08/09/2022 17:13:52

José Manuel Balseiro Orol na data 08/09/2022 17:13:57

José Manuel Rey Varela na data 08/09/2022 17:14:35

Carmen María Pomar Tojo na data 08/09/2022 17:14:46

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Ramón Carballo Páez na data 08/09/2022 17:15:29

María Sol Díaz Mouteira na data 08/09/2022 17:15:33

Freire Vázquez, María Begoña na data 08/09/2022 17:16:28

Rubén Lorenzo Gómez na data 08/09/2022 17:16:34

Daniel Vega Pérez na data 08/09/2022 17:17:06

María Belén Salido Maroño na data 08/09/2022 17:17:09

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Ramón Fernández Alfonzo** e **Daniel Pérez López** e da deputada **Carme González Iglesias**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre a situación do persoal do Hotel Carrís Almirante de Ferrol.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Carrís Hoteles, S.L. é unha cadea hoteleira do Grupo Carrís que xestiona varios establecementos hostaleiros na Galiza, entre eles algún tan coñecido como o Albergue do Monte do Gozo, en Santiago de Compostela.

Como todas as empresas do sector viuse moi afectada pola crise provocada pola pandemia, e desde o primeiro momento botou man dos mecanismos sociais artellados polo goberno, nomeadamente un ERTE por Forza maior, que foi xestionando en función das necesidades cambiantes en cada un dos centros que xestiona no noso país, e que prolongou até o último momento.

A partir do 1 de abril do 2022 esta empresa está a aplicar un ERTE ETOP, pactado coa maioría da representación do persoal nunha negociación na que participaron representantes de 6 establecementos diferentes.

A excepción a ese acordo foi o persoal do centro de Ferrol, coñecido como Hotel Almirante, que manifestou o seu desacordo co ERTE proposto pola empresa, xa que establecía unhas condicións especiais para eles moito máis gravosas que para os demais centros de traballo afectados pola medida.

De feito este persoal leva sen traballar, no mellor dos casos, desde outubro do 2020, cando nos demais centros do grupo afectados por este ERTE as medidas





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

consistiron en reducións de xornada, e hai tempo que veñen traballando case con total normalidade.

As causas deste trato diferenciado e máis gravoso hainas que procurar máis aló de dificultades económicas, da situación do sector, ou de avarías das infraestruturas municipais, en desencontros de carácter empresarial entre a dirección da cadea hoteleira e a propiedade do edificio, algo absolutamente alleo ao persoal do centro, que sen embargo vese discriminado e profundamente prexudicado, pois esta estratexia empresarial trae como consecuencia que desde o mes de xuño todo o persoal do Hotel Almirante esgotou as súas prestacións por desemprego.

Por todas estas razóns, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento de Galiza insta a Xunta a intervir e mediar no conflito para que a empresa Carrís Hoteles recupere a súa actividade no centro Carrís Almirante de Ferrol.”

Santiago de Compostela, 8 de setembro de 2022

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonso**

Daniel Pérez López

Carme González Iglesias

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

María do Carme González Iglesias na data 08/09/2022 17:47:42

Daniel Pérez López na data 08/09/2022 17:47:46

Ana Pontón Mondelo na data 08/09/2022 17:47:55

Ramón Fernández Alfonzo na data 08/09/2022 17:48:06



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular, a través do seu **portavoz**, advertido un erro no documento con número de rexistro **40.587**, solicita a súa corrección no seguinte senso:

Onde di:

“solicita a retirada dos documentos con número de rexistro 39.620 e 39.631”

Debe de dicir:

*“solicita a retirada dos documentos con número de rexistro 39.620 e **39.621**”*

Santiago de Compostela, 8 de setembro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 08/09/2022 17:32:52

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu portavoz, e dos deputados Paula Prado del Río, José Manuel Rey Varela, Marisol Díaz Mouteira, Alberto Pazos Couñago, María Felisa Rodríguez Carrera, Ana Belén García Vidal e Noelia Pérez López solicita a retirada dos documentos con número de rexistro 39877 e 39878

Santiago de Compostela, 6 de setembro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 06/09/2022 17:25:41

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Paula Prado del Río na data 06/09/2022 17:25:52

José Manuel Rey Varela na data 06/09/2022 17:26:40

María Sol Díaz Mouteira na data 06/09/2022 17:26:49

María Felisa Rodríguez Carrera na data 06/09/2022 17:27:15

Ana Belén García Vidal na data 06/09/2022 17:27:26

José Alberto Pazos Couñago na data 06/09/2022 17:27:59

Noelia Pérez López na data 06/09/2022 17:28:13

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Luis Bará Torres, Noa Presas Bergantiños, Ramón Fernández Alfonso e Daniel Pérez López**, ao abeiro do disposto nos artigos 160 e 98 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 3ª polo trámite de urxencia**.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia motívase no agravamento da situación económica e social, como consecuencia principalmente da suba descontrolada dos prezos e o empobrecemento que leva aparelado, e o escenario sombrío que se intúe para as vindeiras semanas e meses, situación que require unha resposta urxente por parte das administracións públicas e nomeadamente polo goberno da Xunta.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1. O noso país está inmerso nunha profunda crise económica, social e ambiental, cuxas causas son coñecidas e que ten consecuencias devastadoras tanto para as persoas como para as empresas.

A especulación arredor dos prezos da enerxía e doutros produtos básicos, con niveis de inflación que se sitúan por riba da media estatal e europea, o encarecemento da cesta da compra, as dificultades para acceder a unha vivenda e a súa carestía, os altos niveis de temporalidade e precariedade laboral, a baixada do índice de produción





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

industrial, entre outros elementos, conforman un panorama desolador, que se viu agravado pola suba dos tipos de xuro e a súa incidencia no encarecemento do acceso ao financiamento para as administracións, as familias e as empresas.

Neste contexto, a repercusión do comezo do curso no gasto das familias, as dificultades crecentes no acceso á vivenda e as alarmas sobre o descenso da actividade económica e as dificultades en numerosos ámbitos aínda veñen a configurar un panorama máis sombrío para as vindeiras semanas e meses.

2. Os datos do INE correspondentes a 2021 debuxan unha situación moi preocupante, con 669.000 persoas, o 25,2% da poboación en situación de pobreza ou risco de exclusión. Especialmente alarmante é o dato de persoas que se atopan en situación de carencia material e social severa, 167.130 (o 6,2% da poboación). Cómpre ter en conta que os datos son de 2021, polo que se pode presumir o agravamento da situación debido á incidencia da escalada de prezos ao longo de 2022.

Por outra parte, a memoria do CES correspondente a 2021 tamén alerta das fragilidades e incertezas no ámbito económico e social, co deterioro da atención primaria, o retroceso de Galiza en converxencia e competitividade co resto do Estado e da EU, ou o declive demográfico.

Diante desta situación, que se agrava tamén pola incidencia da emerxencia ambiental e o cambio climático, o goberno da Xunta segue centrado na súa estratexia política de oposición ao goberno central. Na realidade, semella que o señor Feixóo segue exercendo como presidente da Xunta, xa que é el desde a sede madrileña de Xénova quen lle dita a estratexia ao sr. Rueda e ao PP galego.

3. Para o BNG é imprescindible afrontar con decisión esta complexa situación, con medidas valentes no ámbito da UE, estatal e galego. Polo que atinxe ao goberno da





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xunta debe en primeiro lugar asumir a gravidade da situación e logo levar a cabo unha actuación integral de resposta a esta crise, que poña por diante os intereses de Galiza, da maioría social, dos sectores empobrecidos e en risco de exclusión, dos servizos públicos e dos sectores económicos esenciais. Un plan integral que debe contemplar dous tipos de medidas, unhas de carácter inmediato, de choque, e outras a medio e longo prazo, de carácter estrutural.

4. Con respecto ao plan de choque, entendemos que se deben establecer xa, con cargo aos vixentes orzamentos e nomeadamente aos de 2023, un conxunto de medidas urxentes que permitan mobilizar arredor de 1.000 millóns de euros en actuacións centradas nos seguintes ámbitos:

- a) Plan de medidas de protección e rescate de persoas empobrecidas e en risco de exclusión, dotado con 150 millóns de euros.
- b) Plan de medidas de apoio a sectores económicos estratéxicos para afrontar a suba cos custos da enerxía, dos combustíbeis e os bens básicos, dotado con 175 millóns de euros.
- c) Plan de reforzo dos servizos públicos esenciais (sanidade, educación, coidados) dotado con 325 millóns de euros.
- d) Plan de medidas de apoio a concellos relacionadas co incremento dos custos da enerxía e dos combustíbeis, dotado con 50 millóns de euros.
- e) Plan extraordinario de investimento público en materia de auga, enerxía, mobilidade, urbanismo, vivenda, dotado con 300 millóns de euros.

Xunto con estas medidas centradas no gasto, a Xunta debe acometer reformas fiscais con carácter equitativo e progresivo, que permitan incrementar a recadación, sen





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

esquecer a esixencia dun novo sistema de financiamento que nos permita xestionar directamente os nosos recursos.

5. Con respecto ás medidas de carácter estrutural e transversal, que permitan avanzar cara a un novo modelo económico e social, o goberno galego debe impulsar un conxunto de proxectos transformadores que deben ser obxecto dun amplo debate e consenso social, coa participación de todos os ámbitos da sociedade galega. Consideramos que o CES pode ser un bo marco para un proceso de análise, debate e acordo que permita impulsar un conxunto de proxectos de transformación de Galiza no ámbito enerxético, tecnolóxico, industrial, dixital, social e ambiental.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 3ª polo trámite de urxencia:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

1. Aprobar, logo da consulta a axentes sociais e ao parlamento, un plan de medidas urxentes para facerlle fronte ao actual contexto de crise económica, social e ambiental, dotado con 1.000 millóns de euros e financiado con cargo ao orzamento vixente (partidas non executadas) e ao orzamento de 2023.

Este plan incluírá cando menos actuacións nos seguintes ámbitos:

1.1. Plan de medidas de protección e rescate de persoas empobrecidas e e en risco de exclusión, dotado con 150 millóns de euros:

-Incremento de 100 euros do complemento autonómico ás pensións non contributivas





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Incremento da RISGA e dos limiares de renda para acceder a axudas públicas
- Reforma da lei 10/2013 de inclusión social de Galiza para garantir a compatibilidade e complementariedade da RISGA e do Ingreso Mínimo Vital.
- Incremento das axudas fronte á pobreza enerxética e gastos vivenda.
- Tarxeta gratuíta no transporte público (peaxes, bus, tren, barco...).
- Mantemento da Tarxeta básica.

1.2. Plan de medidas de apoio a sectores económicos estratéxicos para afrontar a suba cos custos da enerxía, dos combustíbeis e os bens básicos, dotado con 175 millóns de euros.

Propostas de apoio a sectores económicos esenciais con garantía de mantemento/incremento de emprego:

- Medidas de apoio a empresas, con especial atención a PEMES, persoas autónomas e cooperativas.
- Programa específico de apoio a empresas do sector primario (agrogandeiras e pesca) para compensar incrementos extraordinarios de custos.
- Xestión de compra centralizada de combustíbeis, insumos...
- Programa de apoio á hostalería e comercio para incentivo consumo e fomento do comercio minorista e de proximidade.

1.3. Plan de reforzo dos servizos públicos esenciais (sanidade, educación, coidados) dotado con 325 millóns de euros:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Dotación dun mínimo de 200 millóns de euros máis para atención primaria.

-Contratación de 1.000 profesores e profesoras máis no ensino.

-Gratuidade dos libros de texto.

-Bono para gastos de comezo curso escolar a familias segundo renda.

1.4. Plan de medidas de apoio a concellos relacionadas co incremento dos custos da enerxía e dos combustíbeis, así como de atención á emerxencia social, dotado con 50 millóns de euros.

1.5. Plan extraordinario de investimento público en materia de auga, enerxía, mobilidade, urbanismo, vivenda, dotado con 300 millóns de euros

Para investimentos directos ou en cofinanciación con concellos:

-Auga: infraestruturas hidráulicas urxentes, mellora da eficiencia e aforro.

-Actuacións en materia de ecoloxía urbana.

-Plan de vivenda social e programa de emancipación mocidade.

-Plan autoconsumo, eficiencia e aforro enerxético en administración, fogares e empresas. Plan tellados solares.

-Programa de creación de comunidades enerxéticas locais.

-Programa de ecomobilidade (ecovías).

2. Abrir un proceso de participación e debate, no marco no Consello Económico e Social, para a o desenvolvemento dun Plan de Proxectos Estratéxicos Transformadores da economía, da administración, do territorio e da sociedade galega,





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

impulsados desde as administracións públicas -e nomeadamente desde o goberno galego- con fondos propios e/ou fondos estatais e europeos, e centrados nos seguintes ámbitos:

-Fomento da actividade tecnolóxica e industrial, con obxectivos de incremento do peso da industria e da innovación no PIB, e con especial atención ao sector primario e á bioeconomía, xunto con outros sectores con potencial de crecemento e xeración de emprego.

-Creación de polos de desenvolvemento económico para a vertebración e o equilibrio territorial, con incentivos para a atracción de talento e para o establecemento de actividades industriais, de emprendemento, e de fortalecemento das cadeas de valor endóxeas.

-Fomento dunha transformación enerxética con unha visión social, xusta, inclusiva e respectuosa co territorio e as persoas que viven nel. Intervención pública no sector enerxético. Liderado de Galiza en materia de enerxía distribuída, social e comunitaria.

-Aceleración da transición dixital inclusiva e da intelixencia artificial.

-Fortalecemento, modernización e actualización dos servizos públicos como garantía do benestar e da equidade, no social e no territorial. Desenvolvemento dun novo modelo sanitario, educativo e de coidados.

-Galiza líder en materia de políticas feministas, pola igualdade e contra a violencia machista.

-Liderado de Galiza en materia de biodiversidade e loita contra a emerxencia ambiental e o cambio climático.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Plan de fomento da bioconstrución, da construción industrial e da vivenda social.

-Investimentos estratéxicos en materia hidráulica, de mobilidade e ecoloxía urbana.

-Creación de novos instrumentos públicos en materia de innovación e financiamento e impulso de proxectos transformadores.

-Creación da administración galega do século XXI con criterios de transparencia, eficiencia, proximidade, novo modelo de gobernanza, novos perfís profesionais e dixitalización inclusiva.”

Santiago de Compostela, 12 de setembro de 2022

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Ramón Fernández Alfonso

Daniel Pérez López

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Bará Torres na data 12/09/2022 12:04:06

Noa Presas Bergantiños na data 12/09/2022 12:04:18

Ramón Fernández Alfonzo na data 12/09/2022 12:04:27

Daniel Pérez López na data 12/09/2022 12:04:38





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e do deputado **Olalla Rodil Fernández, Iria Carreira Pazos, Daniel Pérez López e Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto nos artigos 160 e 98 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 5ª polo trámite de urxencia**, sobre a situación do cadro de persoal da empresa Blavice Services SL, antiga Amil Lago Servicios Generales e a responsabilidade da Xunta de Galiza ao respecto.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia motívase na necesidade de que o Parlamento se pronuncie sobre esta cuestión que atinxe un grande número de traballadoras/es con discapacidade.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Blavice Services SL é unha empresa especializada en buzoneo, reparto publicitario e marketing directo constituída como Centro especial de emprego cuxo obxectivo é a inclusión laboral de traballadoras e traballadores con discapacidade.

Na actualidade contan con 74 persoas traballadoras das que 54 se atopan nunha situación de débeda salarial debido aos incumprimentos da empresa desde 2019. Segundo puido saber o G.P do Bloque Nacionalista Galego as contías adebedadas ascenden a máis de 400 mil euros.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Logo de negociacións e de chegaren a un acordo tanto a parte social como a dirección da empresa para que os atrasos fosen aboados a partir da nómina de xullo de 2021 mediante o pagamento de 20 euros en cada mensuralidade co compromiso de negociar o restante a partir de xuño de 2022, o cadro de persoal non recibiu as contías adebedadas senón que a Blavice Services presentou unha modificación substancial colectiva pola que rexeita o pagamento e ameaza coa súa disolución de non se aceptar o acordo.

En síntese, as traballadoras e traballadores da entidade atópanse nunha situación crítica na que non só non percibiron o diñeiro adebedado pola empresa correspondente aos seus salarios senón que poden quedar na rúa a partir do 30 de setembro deste ano.

Cómpre sinalar que ao se tratar dun Centro especial de emprego, Blavice Services SL, como anteriormente Amil Lago Servicios Generales, recibiron cuantiosas axudas públicas dirixidas á inclusión laboral de persoas con discapacidade, as últimas 18.457,39 euros correspondentes a 2021 e 2022 de subvencións para o apoio á consolidación das entidades da economía social de Galicia Bono consolida economía social (RESOLUCIÓN do 10 de maio de 2022, da Dirección Xeral de Emprego, Traballo Autónomo e Economía Social, pola que se dá publicidade das subvencións concedidas ao abeiro da Orde do 4 de agosto de 2021), publicadas no DOG 97 do 20 de maio de 2022 (https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2022/20220520/AnuncioG0599-110522-0001_gl.html).

Igualmente, na RESOLUCIÓN do 23 de febreiro de 2022, da Dirección Xeral de Emprego, Traballo Autónomo e Economía Social, pola que se dá





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

publicidade das axudas concedidas ao abeiro da Orde do 4 de agosto de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras de axudas a centros especiais de emprego (CEE) co fin de promover a integración laboral das persoas con discapacidade, e se procede á súa convocatoria para as anualidades 2021 e 2022. Nela, Blavice Services recibiu 26.258, 52 euros e 52.717, 05 euros respectivamente (https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2022/20220310/AnuncioG0599-030322-0001_gl.html).

Isto é, estas entidades e empresas reciben diñeiro público para sufragar os custes salariais dos seus cadros de persoal alén doutras axudas e facilidades co obxectivo de promover e a inclusión social e laboral de persoas con discapacidade. Por esta razón, a administración pública ten unha responsabilidade se cabe maior para velar porque o diñeiro público que reciben sirva para cumprir con ese obxectivo e non o contrario como acontece no caso de Blavice Services SL.

Neste senso, a Confederación Intersindical Galega (CIG) que representa as traballadoras e traballadores desta empresa solicitou a comezos de setembro de 2022 senllas reunións coas Consellarías de Emprego e Política Social para abordar a situación laboral deste Centro especial de emprego e aínda non foron recibidos.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 5ª polo trámite de urxencia:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a adoptar as medidas necesarias para garantir os dereitos salariais e laborais do cadro de persoal de Blavice Services S.L así como a incrementar e mellorar as medidas de control e fiscalización das axudas





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

públicas que reciben empresas e entidades constituídas como Centros especiais de emprego co obxectivo de que se garantan e respecten os dereitos laborais das persoas traballadoras así como a súa inclusión socio-laboral.”

Santiago de Compostela, 12 de setembro de 2022

Asdo.: Iria Carreira Pazos

Daniel Pérez López

Montserrat Prado Cores

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 12/09/2022 13:21:50

María Montserrat Prado Cores na data 12/09/2022 13:21:54

Iria Carreira Pazos na data 12/09/2022 13:22:04

Daniel Pérez López na data 12/09/2022 13:22:18





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Montserrat Prado Cores, Olalla Rodil Fernández e Iria Carreira Pazos**, ao abeiro do disposto nos artigos 160 e 98 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 5ª polo trámite de urxencia**, relativa ás deficiencias existentes no servizo de ambulancias na Área Sanitaria Pontevedra-O Salnés.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia motívase na necesidade de que o Parlamento se posicione canto antes sobre as deficiencias existentes no servizo de ambulancias na Área Sanitaria Pontevedra-O Salnés.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

@s traballador@s da empresa concesionaria do servizo de ambulancias da Área Sanitaria Pontevedra o Salnés, levan meses denunciando as deficientes condicións nas que se está a prestar o servizo.

Denuncian, como xa fixeron no seu momento, que o concurso foi deficitario desde o inicio, xa que foi licitado con menos ambulancias das existentes con anterioridade, e que é imposible atender carga de traballo actual nin co número de vehículos existentes nin de persoal, xa que non cobren @s profesionais que están de baixa, vacacións, descansos etc.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Como é evidente esta situación repercute nas condicións laborais, ao ter que asumir o persoal en activo toda a carga de traballo, e na calidade asistencial xa que se producen demoras de horas para realizar traslados ou a falta de dispositivos para atender a demanda, aínda que esta sexa urxente.

A todo o anterior hai que sumar outras moitas deficiencias existentes: unha única ducha para oitenta persoas, dormitorios mixtos, taquillas insuficientes, non homologación dos uniformes, incumprimento da lei de prevención de riscos, nos respecto pola antigüidade... Cuestións todas recollidas nun acordo acadado a finais de marzo do actual ano entre a empresa e @s traballador@s para a súa subsanación, sen que a día de hoxe se teña feito.

Faise precisa a intervención da Xunta, xa que é a principal causante da precarización das condicións laborais e da precarización do servizo público, por sacar os contratos a concurso por debaixo do seu custo e aceptar as propostas á baixa, sabendo que ía repercutir nas condicións laborais e na prestación do servizo

A Consellaría de Sanidade, o Sergas, nin sequera están obrigando á empresa a cumprir co recollido no contrato, de maneira que o servizo se presta con menos persoal e vehículos dos establecidos e, en moitos casos, as ambulancias atópanse en condicións indebidas, sen a dotación necesaria nin a hixienización dos vehículos e dos uniformes obrigados por lei.

De todo o descrito foi informada a xerencia da Área Sanitaria Pontevedra o Salnés hai meses, sen que teñan coñecido ningunha actuación por parte da mesma para mellorar o servizo, inhíbese das súas responsabilidades tanto c@s traballador@s como coa cidadanía.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ao igual que no resto da sanidade se neste momento o transporte sanitario continúa en funcionamento e os usuarios e usuarias non perciben con maior intensidade este deterioro non é pola estrutura deseñada pola Xunta de Galiza, senón pola profesionalidade dos traballadores e das traballadoras.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 5ª polo trámite de urxencia:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a que de inmediato:

1.- Presente no prazo dun mes un informe no Parlamento Galego sobre a prestación do servizo de ambulancias na Área Sanitaria Pontevedra o Salnés desde o último concurso: número de vehículos e profesionais en activo como mínimo cada mes, servizos prestados, isocronas, inspeccións realizadas, condicións laborais, desinfección de vehículos, material, controis de calidade realizados sobre a empresa concesionaria...

2.- Esixa á empresa o cumprimento de todas as condicións establecidas na adxudicación do contrato

3.- Reforce o servizo de ambulancias na Área Sanitaria Pontevedra o Salnés, dimensionando os recursos, tanto materiais, de vehículos e persoal, para evitar a situación presente de insuficiencia manifesta de ambos, para poder atender as necesidades da poboación.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

4.- Proceda a realizar con regularidade inspeccións na empresa concesionaria para facer unha labor de comprobación das denunciadas efectuadas e de garantía da calidade na prestación do servizo.”

Santiago de Compostela, 12 de setembro de 2022

Asdo.: **Iria Carreira Pazos**
Montserrat Prado Cores
Deputadas do G.P. do BNG
Olalla Rodil Fernández
Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 12/09/2022 18:00:33

María Montserrat Prado Cores na data 12/09/2022 18:00:43

Olalla Rodil Fernández na data 12/09/2022 18:00:57



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado **Carmen Rodríguez Dacosta e Martín Seco García**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Comisión 7.ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes**.

Exposición de motivos

En xuño de 2022 era anunciado polo conselleiro de Medio Rural melloras na organización e coordinación do dispositivo antiincendios ao crearse un Sistema Estrutural de Mando Operativo (SEMOP) para mellorar a seguridade e a eficacia das operacións en incendios de complexidade avanzada.

Os medios humanos e materiais mantéñense, en liñas xerais, en valores semellantes aos das últimas campañas, cun operativo de máis de 7.000 persoas, contabilizando tanto as persoas profesionais propias da Xunta de Galicia como os/as adscritos/as a outras administracións, cando no anexo II do Pladiga 2022, fala de 5394 persoas (2149 concellos, parques comarcais e municipais, 59 do Estado e 3186 da Xunta de Galicia).

Tamén subliñaba a ampliación da Rede de vídeo vixilancia forestal, con seis novas cámaras dispoñibles en tres novas localizacións.

Asemade, indicaba que o Plan de prevención posto en marcha contemplaba unha inversión de 33,1 millóns de euros para actuar en preto de 58.600 hectáreas e en 5.780 quilómetros de pistas e outras vías. Tamén se prevía a construción de 111 novos puntos de auga e o acondicionamento dos 4.750 xa existentes, entre outras medidas.

Contrariamente ao anunciado pola Xunta de Galicia, os e as profesionais que este verán loitaban contra o lume falaban de descontrol e colapso, mencionar a título de exemplo unha das publicacións de xullo do presente ano e que reproduce de forma textual:



DOCE HORAS SEN FACER NADA

"Eu estiven doce horas dando voltas, sen facer nada. Antes en 12 horas apagabamos dous lumes e agora pois vas dun lado para outro sen facer nada pola desorganización que hai", di o bombeiro. De feito, corrobora o que xa sinalaron outros compañeiros. Mandan aos incendios medios de toda Galicia que descoñecen estradas e camiños. "Non saben por onde andan. Hai brigadas que chegan a puntos que non fan falla, mentres que son necesarios noutros", asegura aludindo a descoordinación que existe.

"Todo é un desastre. Ata o lume mete medo e arde moito. Cambiaron os lumes tamén. Hai 20 anos era o lume máis pequeno e o dispositivo máis organizado e agora o lume é máis grande e o dispositivo máis desorganizado", critica o bombeiro ourensán.

Tamén, bombeiro forestal condutor de motobomba e vogalde ATRIFOGA, di que "fisicamente non podes máis". "Ademais, cando o dispositivo colapsa e hai descontrol é bastante difícil xestionar o avituallamento... Hai sitios onde non se está dando por descoordinación e porque o sistema está colapsado", ademais, están exhaustos. Teñen oito horas de traballo prolongables a 12 en caso de incendio, pero agora mesmo hai xente que está traballando ata 16 horas no lume. "Iso non se pode tolerar porque o corpo non pode máis unha vez que chega ás doce horas de traballo nun incendio", asegura.

Por iso insiste na "profesionalización" dun sector que só traballa seis meses ao ano e mellorar o sistema de vixilancia. A Xunta de Feijóo fixo nos últimos anos un programa bastante importante no que despregou unha chea de cámaras de vixilancia, pero pechou moitas casetas e agora eles dependen moito da xente que dea avisos e lles facilite información".

O Goberno galego debe dar resposta a estas afirmacións que tachan de descontrol e descoordinación no operativo antiincendios.

Organizacións sindicais sinalaban que nas brigadas contra incendios non se cobren baixas, nin vacacións nin incapacidades, co que os cadros de persoal están



moi mermadas e algunhas funcionan con so dous ou tres compoñentes, co que resulta moi difícil o traballo de extinción de incendios na nosa comunidade.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a que:

1. Proceda a dar cobertura das incapacidades temporais e permanentes, vacacións e demais continxencias que provocan que o SPIF non estea cuberto e se produzan saídas a incendios con brigadas mermadas de persoal co risco que supón para os traballadores e traballadoras e a ineficacia do dispositivo.
2. Proceda a impartir a formación necesaria ao persoal do SPIF do novo sistema SEMOP.
3. Proceda a realizar os pertinentes documentos das estruturas de actuación no SEMOP segundo sexa o seu nivel, inicial, ampliado ou avanzado.
4. Proceda a realizar o protocolo dos procesos de comunicación segundo sexa o nivel da estrutura de actuación.
5. Proceda a presentación dos cronogramas de actuación de todos os incendios forestais, seguindo o indicado no documento 12.3. do Pladiga 2022.

Pazo do Parlamento, 2 de setembro do 2022

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 02/09/2022 13:20:41

Martín Seco García na data 02/09/2022 13:20:57

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 02/09/2022 13:21:09



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado e das súas deputadas, Pablo Arangüena Fernández, Carmen Rodríguez Dacosta e Paloma Castro Rey, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2ª.

Este verán tivo lugar un gran número de incendios en Galicia, moitos dos cales afectaron de forma especial a espazos naturais con distintas figuras de protección ambiental. Así, por exemplo, houbo incendios moi importantes en espazos tan senlleiros e valiosos como O Courel e as inmediacións de Pena Trevinca (Rede Natura 2000), e os parques naturais do Invernadoiro, Serra de Enciña da Lastra e Xurés.

Eses incendios, ademais de afectar a propiedades particulares como calquera outro, tiveron unha especial incidencia no medio natural na medida en que afectaron a zonas dun elevado valor ecolóxico nunha comunidade que ten con gran diferenza a rede de espazos protexidos máis pequena de España desde o punto de vista da superficie protexida.

Por iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a elaborar un plan específico para previr futuros incendios nos espazos naturais de Galicia e restaurar os que foron afectados pola vaga de incendios que tivo lugar en Galicia, que inclúa:

- a) A análise do risco de incendio de cada un dos espazos naturais protexidos de Galicia e das medidas necesarias para previr e extinguir, no seu caso, calquera incendio que se poida producir.
- b) Unha axeitada dotación orzamentaria para prevención deses incendios.
- c) Medidas inmediatas de restauración dos espazos afectados, entre elas as tendentes a evitar a erosión do chan degradado polos incendios e a restauración da cuberta vexetal con especies autóctonas.

Pazo do Parlamento, 1 de setembro de 2022





Asinado dixitalmente por:

Pablo Arangüena Fernández na data 01/09/2022 17:17:59

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 01/09/2022 17:18:21

Paloma Castro Rey na data 01/09/2022 17:18:37

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 01/09/2022 17:18:49



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa dos seus deputados e da súa deputada, Pablo Arangüena Fernández, Carmen Rodríguez Dacosta e Martín Seco García, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7ª

Este verán tivo lugar un gran número de incendios en Galicia, moitos dos cales afectaron de forma especial a espazos naturais con distintas figuras de protección ambiental. Así, por exemplo, houbo incendios moi importantes en espazos tan senlleiros e valiosos como O Courel e as inmediacións de Pena Trevinca (Rede Natura 2000), e os parques naturais do Invernadoiro, Serra de Enciña da Lastra e Xurés.

Eses incendios, ademais de afectar a propiedades particulares como calquera outro, tiveron unha especial incidencia no medio natural na medida en que afectaron a zonas dun elevado valor ecolóxico nunha comunidade que ten con gran diferenza a rede de espazos protexidos máis pequena de España desde o punto de vista da superficie protexida.

Por iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a elaborar un plan específico para previr futuros incendios nos espazos naturais de Galicia e restaurar os que foron afectados pola vaga de incendios que tivo lugar en Galicia, que inclúa:

- a) A análise do risco de incendio de cada un dos espazos naturais protexidos de Galicia e das medidas necesarias para previr e extinguir, no seu caso, calquera incendio que se poida producir.
- b) Unha axeitada dotación orzamentaria para prevención deses incendios.
- c) Medidas inmediatas de restauración dos espazos afectados, entre elas as tendentes a evitar a erosión do chan degradado polos incendios e a restauración da cuberta vexetal con especies autóctonas.

Pazo do Parlamento, 1 de setembro de 2022





Asinado dixitalmente por:

Pablo Arangüena Fernández na data 01/09/2022 17:16:32

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 01/09/2022 17:16:57

Martín Seco García na data 01/09/2022 17:17:14

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 01/09/2022 17:17:36



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados **Teresa Egerique Mosquera, José Manuel Balseiro Orol, Ana Belén García Vidal, María Begoña Freire Vázquez, Manuel Santos Costa, María Elena Suárez Sarmiento e Daniel Vega Pérez** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei na Comisión 8ª de Pesca e Marisqueo**

Exposición de Motivos

A inclusión do marraxo no Apéndice II da Convención sobre o Comercio Internacional de Especies Ameazadas de Fauna e Flora Silvestres (CITES) en agosto de 2019, provocou que os cargamentos deste escualo enviados a partir do mes de novembro de 2019 tivesen problemas por retencións ou bloqueos.

Foron dous os motivos: a inexistencia dun ditame de extracción non prexudicial que debía ser creado e emitido pola Secretaría de Estado de Consumo, previo informe do Ministerio de Transición Ecolóxica, polo que se dese validez ao envío da carga e, a autoimposición dunha cota de comercialización polo Ministerio de Transición Ecolóxica.

Ante o veto do Ministerio de Transición Ecolóxica de comercializar as toneladas capturadas legalmente polo sector en 2020, a Comisión Europea propuxo permitir a venda desta especie, afirmando que a prohibición de venda e retención total é contraria á PPC, que conleva un quebranto económico para todas as froas implicadas. A Comisión Europea daba así a razón ao sector palangreiro galego.

En decembro de 2021, nas negociacións da sesión anual de ICCAT de 2021, a UE e as 49 Partes Contratantes da Comisión Internacional para a Conservación do Atún Atlántico (CICAA) alcanzan un acordo para o marraxo dientuso do Atlántico Norte.

Entrou en vigor unha prohibición de dous anos sobre a retención de marraxo para deter a sobrepesca e reducir a mortalidade, só no Atlántico Norte, non sendo prohibida a súa pesca nos restantes espazos mariños.

Así, no BOE do 27 de xuño de 2022 o Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, publicou a Resolución de 30 de mayo de 2022, de la Dirección General de Biodiversidad, Bosques y Desertificación, sobre el establecimiento de cuotas para la introducción desde aguas internacionales e importación de tiburón marrajo dientuso (*Isurus oxyrinchus*) capturado por la flota española en el año 2022, en el ámbito del



Reglamento (CE) 338/97 del Consejo, de 9 de diciembre de 1996, relativo a la protección de especies de fauna y flora silvestres mediante el control de su comercio.

Pero a finais de agosto deste ano, tres europarlamentarios do Grupo Los Verdes- Alianza Libre Europea preguntaban á Comisión Europea se asumirá no próximo cumio da Comisión Internacional de Conservación Atlántico (ICCAT) “un papel de liderado” para promover as mesmas medidas no Atlántico sur para o veto ás capturas de marraxo.

Ábrase así no Parlamento Europeo unha nova fronte contra o sector palangreiro de Galicia, fundamentalmente asociados a entidades coma as asociacións: OPBURELA (Organización de Productores Pesqueros de Burela), OPNAPA (Organización de Productores Nacional de Palangre de Altura), ORPAGU (Organización de palangreros guardeses), e OPROMAR (Organización de Productores de Pesca del Puerto y Ría de Marín).

Tendo en conta esta situación, e sendo conscientes de que esta especie aporta un rendemento económico notable para a nosa frota de palangre, o grupo parlamentario popular de Galicia, presentamos a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a demandar do Goberno de España o rexeitamento ante a Comisión Europea dun posible veto ás capturas de marraxo no Atlántico Sur e que teña en conta todas as medidas de xestión sostible que se teñen adoptado en favor desta especie.”

Santiago de Compostela, 2 de setembro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 02/09/2022 16:13:25

Teresa Egerique Mosquera na data 02/09/2022 16:13:30

José Manuel Balseiro Orol na data 02/09/2022 16:14:14

Ana Belén García Vidal na data 02/09/2022 16:14:25

Freire Vázquez, María Begoña na data 02/09/2022 16:15:01

Manuel Santos Costa na data 02/09/2022 16:15:21

María Elena Suárez Sarmiento na data 02/09/2022 16:15:27

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Daniel Vega Pérez na data 02/09/2022 16:16:15

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu Portavoz e por iniciativa dos deputados Teresa Egerique Mosquera, José Manuel Balseiro Orol, Noelia Pérez López, Ana Belén García Vidal, María Begoña Freire Vázquez, Manuel Santos Costa, María Elena Suárez Sarmiento e Daniel Vega Pérez ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei na Comisión 8ª de Pesca e Marisqueo**

Exposición de Motivos

O BOE do 30 de decembro de 2021 publicaba o Real Decreto-Lei 32/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo.

O 1 abril de 2022 acabaron os tres meses de prazo transitorio fixados na reforma para a maioría dos aspectos sobre o novo marco de contratación. Para o sector mar-industria, é un punto crave a conversión de traballadores en fixos-descontinuos, xa que segundo a reforma o contrato temporal limitárase a circunstancias da produción, para situacións previsibles e de duración delimitada e para un máximo de 90 días.

A entrada en vigor das contratacións previstas na reforma laboral preocupa a moitas empresas do sector mar-industria, debido ás dificultades para aplicar a reforma debido ás limitacións técnicas dos contratos temporais.

Así, a reforma laboral non tivo en conta a situación e as particularidades do sector do mar, xa que a reforma amplía o ámbito obxectivo do contrato fixo-descontinuo que, con algúns cambios no seu réxime xurídico, substituirá a multitude de contratos que tradicionalmente se viñeron concertando por tempo determinado para cubrir as necesidades de tipo estacional tan características da pesca.

A supresión destes contratos, supón a eliminación conceptual dunha parte moi importante do amparo legal que tiñan moitas situacións conxunturais do sector da pesca, que podían cubrirse acudindo á hoxe moi limitada contratación temporal.

Por tanto, hai unha ampla parcela que non vai poder ser suplida con esta figura, pois hai traballos que teñen como condición intrínseca a temporalidade, ao estar condicionada a súa actividade a unha duración determinada, e que coa disciplina actual da contratación temporal non van poder ser cubertos.



Por todo o exposto, os deputados do Grupo Parlamentario Popular presentamos a seguinte proposición non de lei en Comisión.

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para buscar unha solución ao sector mar-industria ante as dificultades para implantar a reforma laboral debido ás especiais características do sector en relación coa estruturación temporal da carga de traballo e da adecuación da contratación á mesma”

Santiago de Compostela, 2 de setembro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 02/09/2022 16:08:39

Teresa Egerique Mosquera na data 02/09/2022 16:08:53

José Manuel Balseiro Orol na data 02/09/2022 16:09:50

Ana Belén García Vidal na data 02/09/2022 16:09:53

Freire Vázquez, María Begoña na data 02/09/2022 16:10:32

Manuel Santos Costa na data 02/09/2022 16:10:39

María Elena Suárez Sarmiento na data 02/09/2022 16:11:26

Daniel Vega Pérez na data 02/09/2022 16:11:35

Noelia Pérez López na data 02/09/2022 16:12:15





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Ramón Fernández Alfonzo, Luis Bará Torres e Paulo Ríos Santomé**, e da deputada **Alexandra Fernández Gómez**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 2ª**, sobre a construción dunha rotonda na estrada AC-116 ao seu paso pola parroquia do Val no concello de Narón.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde hai varios anos que a asociación de veciños da parroquia do Val, no Concello de Narón, Asociación Os Irmandiños, ven reivindicando a construción dunha rotonda na AC-116, estrada de Valdoviño, no punto onde coinciden por unha banda o cruzamento coa DP-5408 que vai cara o Polígono Río do Pozo, e pola outra o desvío cara o lugar de Carballedas da parroquia do Val, cruzamento onde se atopa a sala de festas “La Concha”.

Trátase dunha estrada autonómica con moito tráfico, que comunica Ferrol con parroquias como O Val, do Concello de Narón, e outras do Concello de Valdoviño como Meirás ou Lago, e todas elas co mencionado polígono Río do Pozo, onde como é sabido existe unha gran concentración de centros de traballo.

Así que tanto por motivos laborais como por lecer (praias) é unha estrada con moito tráfico que ten rotondas xa a día de hoxe na maioría dos seus cruzamentos, agás no punto obxecto desta iniciativa, malia ser un cruzamento con problemas de visibilidade por cambio de rasante.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A instalación da rotonda melloraría moito a seguridade no tráfico pois serviría tamén para reducir a velocidade facilitando as incorporacións á estrada autonómica AC-116 nos dous sentidos do tráfico.

É por isto que o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2ª:

“O Parlamento de Galiza insta a Xunta a construír unha rotonda na estrada AC-116 no punto onde coinciden por unha banda o cruzamento coa DP-5408 que vai cara o Polígono Río do Pozo, e pola outra o desvío cara o lugar de Carballedas da parroquia do Val, onde se atopa a sala de festas <La Concha>”.

Santiago de Compostela, 5 de setembro de 2022

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonzo**

Paulo Ríos Santomé

Alexandra Fernández Gómez

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Paulo Ríos Santomé na data 05/09/2022 10:09:11

Alexandra Fernández Gómez na data 05/09/2022 10:09:14

Xosé Luis Bará Torres na data 05/09/2022 10:09:24

Ramón Fernández Alfonzo na data 05/09/2022 10:09:31





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Luis Bará Torres** e **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 1ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1. O pasado mes de xullo a FEGAMP enviou un documento á Xunta titulado “Retos autonómicos para a mellora dos servizos públicos locais” que inclúe propostas a respecto dos seguintes ámbitos

-Comisión e grupos de traballo bilaterais sobre Financiamento e ámbito competencial, Comisión Galega de Cooperación Local, Servizos Sociais

-Financiamento e Pacto Local: Lei autonómica de participación nos ingresos da comunidade autónoma; asunción de servizos e obrigas económicas que sufragan os concellos sen ser da súa competencia, fondo específico de equilibrio territorial, fondo de compensación interterritorial, fondo específico sobre a totalidade dos custos das escolas infantís, fondos europeos Next Generation

-Mellora na xestión dos servizos: infraestruturas de telecomunicacións, modificación do decreto de socorristas, ciclo da auga, biorresiduos.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2. Nun contexto de crise económica e de incremento dos prezos, os concellos galegos demandan un cambio na relación coa administración autonómica, unha clara delimitación das competencias, unha regulamentación do financiamento local e unha maior atención nos orzamentos do ano 2023. Para iso é necesario reactivar o Pacto Local, a Comisión Galega de Cooperación Local e os grupos de traballo creados en diferentes materias.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 1ª:

“O Parlamento insta a Xunta a:

1. Reactivar o Pacto Local Galego, a impulsar o funcionamento da Comisión Galega de Cooperación Local e dos seus grupos de traballo e a atender as demandas do municipalismo galego en material de financiamento, delimitación de competencias e mellora dos servizos.

2. Aprobar unha lei de participación nos ingresos da comunidade autónoma dos concellos galegos, consensuada coa FEGAMP, na que se clarifique a participación anual e os criterios de reparto, e a progresiva integración no Fondo de Cooperación Local das axudas e subvencións anuais que a comunidade autónoma destina ás entidades locais.

3. Asumir os servizos e obrigas económicas de subministros, mantemento e reparación dos centros de ensino infantil e primario, conservatorios profesionais de música, unidades municipais de asistencia a drogodependencias, centros de saúde e xulgados de paz.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

4. Introducir nos orzamentos da comunidade autónoma para 2023 dun Fondo Específico para os concellos, destinado ao equilibrio territorial.
5. Crear o Fondo de Compensación Interterritorial.
6. Asumir a totalidade dos custos das escolas infantís municipais.”

Santiago de Compostela, 5 de setembro de 2022

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Deputado do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 05/09/2022 11:45:10

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 05/09/2022 11:45:14



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Carmen Rodríguez Dacosta, Marina Ortega Otero, Eduardo Ojea Arias, Julio Torrado Quintela, Paloma Castro Rey e Pablo Arangüena Fernández**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior.**

Exposición de motivos

O 15 de setembro de 2021, o secretario xeral para o Deporte anunciaba a bombo e platillo en Ourense o proxecto de reforma e ampliación do estadio do Couto, que contaría cun orzamento de 2,6 millóns de euros e un prazo de execución de 7 meses. Á obra principal destinaríanse 1,6 millóns de euros, namentres que 250.000 serían para trámites de cesión duns terreos propiedade do Concello de Ourense, e posterior urbanización, e unha partida final de 700.000 euros iría dedicada a renovación do terreo de xogo.

Pois ben, un ano despois deste anuncio, as obras de reforma do estadio do Couto avanza paseniñamente, prexudicando gravemente aos clubs que fan uso destas instalacións e os seus siareiros/as e persoas seguidoras que están padecendo xa estes lentos avances. Coa temporada xa iniciada, terán que sufrir o peche dalgunha das gradás, impedindo o acceso á mesma, debido a falta de previsión da Xunta de Galicia para levar a cabo estes traballos durante os meses de verán e evitar que co comezo da tempada, comecen tamén as obras nas gradás.

O estadio do Couto, en Ourense, presenta a día de hoxe unha imaxe lamentable, froito de décadas de abandono e desleixo por parte da Xunta de Galicia, propietaria das instalacións. As estruturas atópanse nunha situación moi preocupante, con numerosas gretas e totalmente desgastadas polo paso do tempo e a ausencia de actuacións. Unha das gradás, concretamente a de fondo, leva anos pechada ante o abandono que sofre e o perigo que suporía abrila ao público, xa que non contaba nin con servizos de saneamento mínimos. A reforma prevista na estrutura, non solucionará a problemática, xa que cos cartos previstos, non se poderá renovar a estrutura, rematar coas gretas, nin tampouco solucionar os problemas do cableado que colga por todas partes, nin das numerosas fochancas e danos estruturais na zona das bancadas.



A elo súmase o deplorable estado do terreo de xogo, con numerosas “calvas” (ausencia de herba) en determinadas zonas e cun céspede que non conta coas condicións mínimas para a disputa de encontros de fútbol en categoría nacional. Nas últimas datas tivemos constancia que ademais da UD Ourense e o Ourense CF, clubs que no seu día asinaron coa Xunta de Galicia o uso do estadio en exclusividade, sumárase tamén o CD Arenteiro, debido ás obras de cambio do céspede de Espiñedo, o que suporá que en 7 días se disputen sobre o campo de fútbol do Couto, tres encontros, situación que xera gran preocupación, xa que dado o lamentable estado do céspede, é probable que con este uso desmedido, remate nunhas condicións aínda máis pésimas, deixando o terreo de xogo sen céspede e con máis terra que herba.

Dende o PSdeG-PSOE esixímoslle á Xunta de Galicia que dote a Ourense dun campo de fútbol en condicións e acorde á terceira cidade de Galicia. Ourense é a día de hoxe a única cidade de todo o territorio español que conta cun estadio nunhas condicións lamentables e que ademais dá unha imaxe vergoñenta a aqueles que visitan as instalacións ou seguen as retransmisións pola televisión. Cabe lembrar que no Couto retransmítense encontros da 2ª RFEF e da Terceira División, polo que consideramos que as instalacións amosan unha imaxe pésima das instalacións e da cidade. Basta con percorrer a provincia para comprobar que campos de capitais de comarca e outros municipios, en categorías máis inferiores, contan cunhas instalacións moito máis dignas das que ten a cidade de Ourense.

Durante as últimas décadas a Xunta de Galicia optou por pequenos parches, que non serviron máis que para ter que volver a realizar investimentos en anos seguintes. O Couto precisa dunha reforma integral e con investimentos acordados que permitan que o estadio se converta no referente que foi na cidade e non optar por “chapuzas” que o único que provocan é pan para hoxe e fame para mañá. Dende 2011 realizáronse investimentos por valor de 3 millóns de euros, pero a realidade é que foi un rotundo desastre e basta con dar unha volta polo estadio do Couto para comprobalo.

Nos últimos días tamén tivemos constancia, que de golpe e plumazo, a Xunta de Galicia decidiu que as novas bancadas que se van a instalar serán só de color azul, eliminando por completo o vermello, cores e signo de identidade do ourensanismo, da cidade e do extinto CD Ourense. Unhas cores, as vermellas e azuis, que sempre se asociaron coa cidade das Burgas e cos seguidores do fútbol en Ourense. Non entendemos a decisión da Xunta de levar a cabo esta atrocidade, nin tampouco que non se escoite aos clubs e afeccionados, que xa reclamaron que



se instalen butacas en ámbalas cores e preservar así a historia de Ourense e do campo do Couto.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Que proceda a unha reforma integral do estadio do Couto, na cidade de Ourense, cun investimento real que remate coa discriminación que sofren estas instalacións deportivas con respecto as do resto de cidades de Galicia e de España.
2. Que instale as bancadas coas cores que toda a vida luciu o estadio do Couto, e que non son outras que o azul e o vermello, para manter o espírito do ourensanismo e respectar os valores e a historia do fútbol en Ourense.

Pazo do Parlamento, 5 de setembro do 2022

Asdo.: Carmen Rodríguez Dacosta

Marina Ortega Otero

Eduardo Ojea Arias

Julio Torrado Quintela

Paloma Castro Rey

Pablo Arangüena Fernández

Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Luís Manuel Álvarez Martínez

Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 05/09/2022 13:42:04

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es



Marina Ortega Otero na data 05/09/2022 13:42:19

Eduardo Ojea Arias na data 05/09/2022 13:42:30

Julio Torrado Quintela na data 05/09/2022 13:42:37

Paloma Castro Rey na data 05/09/2022 13:42:49

Pablo Arangüena Fernández na data 05/09/2022 13:42:58

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 05/09/2022 13:43:09





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos deputados **Manuel Lourenzo Sobral** e **Daniel Castro García** e da deputada **Mercedes Queixas Zas**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 4ª**, sobre a situación da ensino público no concello de Covelo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As familias do CEIP Antonio Blanco Rodríguez levan semanas amosando o seu malestar pola situación de deterioro do ensino público que se está a dar neste concello.

Tal e como as familias están a denunciar, e tal e como se pode comprobar na propia páxina web do centro, existe a intención de levar adiante un agrupamento en Educación Infantil entre os grupos de 3 anos e 5 anos. Un agrupamento que dadas as súas características terá unha incidencia directa na atención educativa das alumnas e alumnos.

A día de hoxe, no CEIP Antonio Blanco hai unha matrícula de 12 alumnas e alumnos en Educación infantil de 3 anos, unha matrícula de 17 alumnas en infantil de 4 anos e unha matrícula de 11 alumnos en infantil de 5 anos. Trátase a todas luces de matrícula máis que suficiente para manter grupos nos tres cursos de Educación Infantil, mais inexplicablemente, tal e como denuncian as familias, preténdese levar adiante un agrupamento entre o alumando de 3 anos e o de 5 anos dando como resultado un único agrupamento de 23 alumnos.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

É evidente que alén das consideración normativas que serían de aplicación, non semella razoable un agrupamento entre estes dous niveis nun centro con estes datos de matrícula. Trátase dun agrupamento onde se están a secundarizar outro tipo de intereses por riba dos intereses do alumnado e que de se levar adiante finalmente traerá consecuencias negativas para estes alumnos.

Ante esta situación intolerábel, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 4ª:

“O Parlamento galego insta a Consellaría de Educación a resolver os problemas que se están a dar no CEIP Antonio Blanco de Covelo co agrupamento proposto e garantir que no curso 22/23 exista un grupo por cada curso de Educación Infantil.”

Santiago de Compostela, 5 de setembro de 2022

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Daniel Castro García

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Manuel Lourenzo Sobral

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Castro García na data 05/09/2022 17:15:49





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Mercedes Queixas Zas na data 05/09/2022 17:15:52

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 05/09/2022 17:16:02



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Paloma Castro Rey, Noa Díaz Varela, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos

O goberno da Xunta de Galicia ofertou un programa de formación dixital gratuíta dirixido a mulleres desempregadas das provincias de Lugo, Ourense e Pontevedra.

Trátase dun proxecto financiado pola Unión Europea con fondos Next Generation a través do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

O programa ten como principal obxectivo mellorar as capacidades dixitais de mulleres en xeral, pero prioritariamente de mulleres desempregadas residentes en zonas rurais.

Con este proxecto preténdese ademais favorecer a capacidade de empregabilidade, impulsar o emprendemento e desenvolvemento rural e reducir a fenda de xénero.

Hai uns días tivemos coñecemento que na cidade de Pontevedra este curso está impartido por 2 profesores varóns o que nos causa un gran abraio e desconcerto xa que se trata dun curso que pretende empoderar ás mulleres e o único que denota é que este Goberno entende a igualdade coma un slogan sen ter coñecemento nin interiorizar realmente este concepto.

Dende o Grupo Socialista condenamos esta actitude da Xunta de Galicia e entendemos que existen mulleres capacitadas para poder axudar a outras a mellorar as súas capacidades dixitais e esiximos que dende a Consellería de Igualdade se apliquen por analoxía, as disposicións previstas no III Plan para a Igualdade de Xénero na Administración Xeral do Estado en relación ás medidas instrumentais para a transformación organizacional que recomendan a inclusión



de cláusulas para o cumprimento do principio de igualdade de xénero en materia de contratación pública.

Asemade esiximos a este Goberno un compromiso real coa igualdade de xénero, como único motor de avance na nosa sociedade, en xeral, e na Administración pública, en particular.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a supervisar o cumprimento do principio de igualdade no desenvolvemento dos programas formativos subvencionados con fondos Next Generation a través do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

Pazo do Parlamento, 5 de setembro do 2022

Asdo.: Paloma Castro Rey
Noa Díaz Varela
Julio Torrado Quintela
Marina Ortega Otero
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Luís Manuel Álvarez Martínez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 05/09/2022 16:59:09

Noa Susana Díaz Varela na data 05/09/2022 16:59:20

Julio Torrado Quintela na data 05/09/2022 16:59:33

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





Marina Ortega Otero na data 05/09/2022 16:59:44

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 05/09/2022 16:59:56





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Mercedes Queixas Zas** e do deputado **Ramón Fernández Alfonso**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 6ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O DOG do 15 de xullo de 2022 publica o acordo do 16 de xuño de 2022, da Xefatura Territorial da Coruña, polo que se someten a información pública a solicitude de autorización administrativa previa, a autorización administrativa de construción, o estudo de impacto ambiental (EIA) e o proxecto sectorial (proxecto de interese autonómico-PIA) do proxecto de liña de alta tensión LAT 220 kV Gato-Mesón e subestación colectora Mesón 220/132 kV (expediente IN408A 2020/145).

Este proxecto, promovido por Greenalia Wind Power Gato, ten por obxecto construír a liña de alta tensión e mais a subestación eléctrica colectora para poder evacuar a enerxía eléctrica xerada polos sete parques eólicos proxectados no espazo xeográfico mencionado, actualmente en tramitación.

A liña eléctrica de 220 Kv ten unha lonxitude total aproximada de 25.546,06 m e o seu trazado discorrerá polos concellos de Abegondo, Carral, Ordes e Oza-Cesuras.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

No BNG, ao igual que diferentes colectivos e persoas a título particular, presentamos alegacións a este proxecto por varias razóns.

A primeira por entendermos que todos os parques eólicos mencionados están aínda en fase de tramitación, polo que ningún está autorizado. Todos foron tramitados de forma independente en lugar de forma conxunta para poder coñecer o alcance e o impacto real de toda a infraestrutura no seu conxunto. Fica ben explícito agora que forman un conxunto, polo que é necesario e obrigatorio por lei avaliar de forma conxunta ao tratarse de megaparques interconectados entre si, que comparten infraestruturas básicas para o seu funcionamento, polo que facer unha avaliación de forma individual de todos os parques, da liña de evacuación, conexión e a LAT constitúe unha nulidade de pleno dereito ao fragmentarse de forma fraudulenta o proxecto na súa totalidade.

A segunda, en consecuencia, por presentar un estudo de impacto ambiental incompleto ao ser parcial, individual, no canto de abranguer a totalidade do conxunto do espazo natural intervido.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 6ª:

“O Parlamento galego insta a Xunta a aceptar as alegacións presentadas e proceder ao rexeitamento da solicitude de autorización administrativa previa, da autorización administrativa de construción, do estudo de impacto ambiental (EIA) e do proxecto sectorial do proxecto liña de alta tensión LAT 220 kV Gato-





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Mesón e subestación colectora Mesón 220/132 kV (expediente IN408A 2020/145), así como á retirada definitiva do proxecto por incorrer en nulidade ao haber fragmentación dos proxectos aos que se fan referencia.”

Santiago de Compostela, 5 de setembro de 2022

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Ramón Fernández Alfonso

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 05/09/2022 18:27:10

Ramón Fernández Alfonso na data 05/09/2022 18:27:19

Ana Pontón Mondelo na data 05/09/2022 18:27:29





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Manuel Lourenzo Sobral** e **Daniel Castro García** e da deputada **Mercedes Queixas Zas**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 4ª**, sobre a compatibilidade do Proxecto E-Dixgal e o fondo solidario de libros de texto.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 18 de maio de 2022 publicouse a ORDE do 29 de abril de 2022 pola que se regula a participación no fondo solidario de libros de texto e se convocan axudas para adquirir libros de texto e material escolar destinadas ao alumnado matriculado en educación primaria, educación secundaria obrigatoria e educación especial en centros docentes sostidos con fondos públicos para o curso escolar 2022/23.

Nesta orde establécense as circunstancias para participar no fondo solidario de libros de texto. Dende o momento da súa supresión, no BNG vimos reclamando a volta a gratuidade universal dos libros de texto por ser unha medida, alén de máis económica, máis beneficiosa para as familias.

Pero, a pesar disto, o contemplado na orde que regula o fondo solidario de libros de texto da Xunta, achega novos problemas para un curso escolar marcada por unha inflación sen precedentes que se traduce nunhas dificultades económicas para unhas familias que están xa ao límite coa crise de prezos que padecemos.

No artigo 1.3 desta orde establécese o seguinte: O alumnado matriculado nos centros e cursos incluídos no proxecto educación dixital (E-DIXGAL) no curso 2022/23





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

está excluído da participación no fondo solidario de libros de texto e das axudas para adquirir libros de texto.

Trátase dunha medida a todas luces inxusta xa o que o que está a acontecer en moitos centros é que as materias que participan do proxecto E-DIXGAL son materias nas que xa non se viñan empregando libros de texto e, polo tanto, as familias teñen que seguir facendo fronte aos gastos de libros de texto na maioría das materias, co gasto que iso implica.

Con esta situación está a darse un paradoxo en moitos centros como o de que a Xunta forneza de ordenadores a familias que xa teñen e non os precisan e á súa vez negue libros de texto a familias que si os precisan.

Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 4ª:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a modificar a orde do 29 de abril de 2022 na que se regula a participación no fondo solidario de libros de texto para facer compatíbel a participación en E-DIXGAL coa participación no fondo solidario de libros de texto.”

Santiago de Compostela, 6 de setembro de 2022

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Daniel Castro García

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Manuel Lourenzo Sobral





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Castro García na data 06/09/2022 12:46:50

Mercedes Queixas Zas na data 06/09/2022 12:46:55

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 06/09/2022 12:47:05





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Olalla Rodil Fernández** e do deputado **Paulo Ríos Santomé**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 2ª**, sobre as medidas que debe impulsar a Xunta de Galiza diante das empresas concesionarias de transporte por estrada para garantir a equidade no custe das viaxes para o conxunto das galegas e galegos, especialmente a veciñanza de Lugo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nos últimos meses tanto o Goberno español como a Xunta de Galiza adoptaron medidas tendentes a reducir o prezo do transporte público, tanto tren como autobús, fronte á crise de prezos que atinxe o conxunto da poboación.

Neste senso e de maneira concreta, o Goberno galego aplicou unha minoración adicional e temporal nas tarifas bonificadas de aplicación no transporte público interurbano da competencia da Xunta o que supón unha bonificación do 50% nas liñas de autobús a través dos títulos multiviaxe. Pola súa banda e para facer fronte á rebaixa nos servizos ferroviarios de proximidade e media distancia aprobada polo Goberno español, algunhas compañías de autobuses decidiron aplicar os seus propios descontos mais apenas sobre algúns dos servizos.

Desta maneira e para exemplificar, mentres viaxar en bus entre Vigo e A Coruña terá un custe de 64 céntimos, o traxecto entre Lugo e Compostela (operado pola mesma empresa) será de case 5 euros (aplicando o desconto da Xunta sobre o custe dun billete sinxelo) o que supón un agravio comparativo cunha veciñanza que xa soporta un histórico déficit en materia de mobilidade e infraestruturas.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Temos que lembrar que Lugo leva décadas reclamando un tren do século XXI que non dá chegado (aínda se está a proceder á electrificación dunha parte da vía) e máis de vinte anos de agarda por unha autovía que conecte a cidade coa capital de Galiza, por apenas dous exemplos.

Desde o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego valoramos positivamente as medidas anunciadas para reducir o custe do billete de bus e de tren debe procurarse a equidade para o conxunto do territorio e non agravar a veciñanza e localidades que xa padecemos un déficit de infraestruturas que lastra as nosas oportunidades económicas e sociais.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 2ª:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a abrir un proceso de diálogo coas compañías de transporte que operan liñas de autobús no noso país co obxectivo de garantir a equidade no custe das viaxes para o conxunto das galegas e galegos, especialmente a veciñanza de Lugo.”

Santiago de Compostela, 6 de setembro de 2022

Asdo.: **Paulo Ríos Santomé**

Deputado do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Portavoz s. do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 06/09/2022 13:43:23

Paulo Ríos Santomé na data 06/09/2022 13:43:27



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu Portavoz e por iniciativa dos deputados **María Elena Candia López, Daniel Vega Pérez, Rubén Lorenzo Gómez, Raquel Arias Rodríguez, José Antonio Armada Pérez, Belén Cachafeiro Anta e Jesús Miguel Prado Patiño** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei na Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes**

Exposición de Motivos

A calidade trátase, de forma transversal, dunha liña estratéxica da Consellería do Medio Rural. Neste sentido, a calidade diferenciada é o negociado da Axencia Galega da Calidade Alimentaria (Agacal), a través da que se pretende facer a promoción e protección de todas as producións de calidade galegas, isto é, das 36 “experiencias de calidade” –tal e como se denominan–.

Nesta dirección, son numerosas as iniciativas xurdidas a prol da súa promoción. Desde a posta en marcha da campaña “Galicia Etiqueta Calidade”, que supuxo o investimento de ata 0,7 millóns de euros revertendo un beneficio directo nos nosos produtores e produtoras de calidade, ata a creación da sección “Galicia Calidade Alimentaria”, baixo a recoñecida marca institucional Galicia Calidade.

Neste marco, tamén cómpre facer alusión ao mercado dixital posto en marcha polo Goberno galego. Un portal no que as producións galegas de calidade se poden vender e mercar, garantindo as mellores prácticas e promocionando un consumo de proximidade e de calidade. Unha forma de valorizar, promocionar e recoñecer a excelencia dos nosos produtos, ao tempo que se contribúe á competitividade dos produtores locais, posto que son eles mesmos os que fixan os prezos das súas producións e os que reciben integramente a cantidade que se paga por cada unha, potenciando o circuíto curto a través dunha plataforma loxística innovadora.

A estes efectos, a Xunta de Galicia tamén está a impulsar a Lei da calidade alimentaria para poñer en valor e salvagardar a excelencia e o prestixio dos produtos agroalimentarios galegos. En consideración disto, desde o Grupo Parlamentario Popular cremos necesario que este impulso das producións certificadas -tanto da súa protección como da súa promoción- se faga vinculado a un crecemento sostido en canto ao número de inscritos.



Por todo o exposto, as deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular presentamos a seguinte proposición non de lei en Comisión.

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a continuar impulsando a calidade diferenciada dos produtos alimenticios fomentando a inscrición de máis produtores e produtoras aos distintos selos de certificación”

Santiago de Compostela, 6 de setembro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 06/09/2022 16:35:43

María Elena Candia López na data 06/09/2022 16:36:03

Daniel Vega Pérez na data 06/09/2022 16:36:40

Rubén Lorenzo Gómez na data 06/09/2022 16:36:45

Raquel Arias Rodríguez na data 06/09/2022 16:37:13

José Antonio Armada Pérez na data 06/09/2022 16:37:23

Cachafeiro Anta, Belén na data 06/09/2022 16:38:00

Prado Patiño, Jesús Miguel na data 06/09/2022 16:38:18



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu Portavoz e por iniciativa dos deputados **María Elena Candia López, Daniel Vega Pérez, Rubén Lorenzo Gómez, Raquel Arias Rodríguez, José Antonio Armada Pérez, Belén Cachafeiro Anta e Jesús Miguel Prado Patiño** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei na Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes**

Exposición de Motivos

A través da Lei 4/2015, do 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia (METAGA) e da Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia, a Consellería do Medio Rural está a desenvolver diferentes actuacións co obxecto de mellorar a base territorial das explotacións agrícolas, gandeiras e forestais da nosa comunidade. Neste sentido, os instrumentos regulados en ambas leis favorecen a mobilidade da terra agraria mediante a reorganización técnica e xurídica da propiedade, reducindo o índice de fragmentación, clarificando a propiedade, acondicionando os terreos e mellorando a accesibilidade ás distintas fincas.

A estes efectos, as operacións levadas a cabo no marco destas normativas son materializadas, en calquera caso, garantindo a protección dos valores naturais, patrimoniais e paisaxísticos co obxecto fundamental de facilitar un despeche socioeconómico do rural galego.

Singularmente, as restruturacións parcelarias levan permitido afondar na investigación da propiedade, a clasificación dos terreos, a apertura de novas vías de acceso e comunicación e a regularización da inscrición do rexistro de propiedades, revertendo un beneficio directo nun número importante de titulares afectados.

Así mesmo, a ferramenta de referencia da Lei de recuperación para a mobilización dunha maior superficie de terra agraria, os polígonos agroforestais, constitúense como instrumentos para a recuperación e posta en produción de terras de boa capacidade produtiva, que se encontren en estado de abandono ou infrautilización ou sexan susceptibles de optimización, coa finalidade de configurar áreas de explotación que garantan a súa rendibilidade.



Neste respecto, todos estes instrumentos contribúen a un uso máis eficiente e sostible da terra agraria a través da ordenación dos usos do solo rural e da minorización dos predios abandonados. E, de feito, este obxectivo está sendo cumprindo de xeito progresivo na práctica.

Á data da redacción desta exposición de motivos, en Galicia hai un total de 91 zonas en proceso de concentración, das que 62 atópanse en fase de acordo. Ademais, en 56 destes 62 procesos, os veciños xa poden facer uso das novas parcelas. En adición, cómpre subliñar que desde 2020 foron entregados máis de 23.000 títulos de ata 22 concentracións beneficiando a máis de 10.000 propietarios.

Por outra banda, falamos da materialización, ao abeiro da Lei de recuperación, de ata 10 polígonos agroforestais aprobados –de iniciativa pública– que darán uso a distintos cultivos segundo a súa localización e outros cinco en actuacións previas, nos que se constata a existencia dunha situación produtiva que permite presumir un estado de abandono ou infrutilización dun mínimo do 50% da superficie da terra.

A este respecto, a potencialidade de continuar impulsando estas ferramentas na práctica implica a necesidade de elaborar un manual no que se teña en consideración a integración paisaxística dos instrumentos de mobilización de terra, nomeadamente das reestruturacións parcelarias en Galicia

Por todo o exposto, as deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular presentamos a seguinte proposición non de lei en Comisión.

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a persistir no impulso das ferramentas de mobilización da terra agraria na nosa comunidade a través da elaboración dun manual práctico para a súa integración paisaxística”

Santiago de Compostela, 6 de setembro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 06/09/2022 16:40:36

María Elena Candia López na data 06/09/2022 16:42:37

Daniel Vega Pérez na data 06/09/2022 16:43:24

Rubén Lorenzo Gómez na data 06/09/2022 16:43:28

Raquel Arias Rodríguez na data 06/09/2022 16:44:07

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



José Antonio Armada Pérez na data 06/09/2022 16:44:13

Cachafeiro Anta, Belén na data 06/09/2022 16:45:07

Prado Patiño, Jesús Miguel na data 06/09/2022 16:45:11

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



A Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu **Portavoz**, e por iniciativa das deputadas e deputados, **Teresa Egerique Mosquera, José Manuel Balseiro Orol, Begoña Freire Vázquez, Ana Belén García Vidal, Manuel Santos Costa, Elena Suárez Sarmiento e Daniel Vega Pérez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo**.

Exposición de motivos

O 1 de agosto de 2022 o Ministerio de Industria, Comercio e Turismo publicaba no Boletín Oficial do Estado (BOE) a Orde ICT/738/2022, do 28 de xullo, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a actuacións de fortalecemento industrial do sector agroalimentario dentro do Proxecto Estratéxico para a Recuperación e Transformación Económica Agroalimentario, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

Unha orde que non contará entre os seus plans co sector mar-industria, que queda sen axudas no marco do Perte. Este feito é un despropósito máis do Goberno central coa cadea mar-industria e que evidencia a súa improvisación con este sector.

Esta cuestión se produce nun momento difícil pois a ela súmase o veto no acceso ás axudas do Goberno central para compensar as perdas derivadas da suba dos custos operativos e dos efectos da guerra en Ucraína e a exclusión xenérica das grandes empresas do sector mar-industria ás achegas do Fondo Europeo Marítimo de Pesca e Acuicultura (Fempa).

Ante esta situación, o Goberno autonómico trasladou por carta ao ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación a preocupación da cadea mar-industria ante a súa exclusión no Perte Agroalimentario.

Dende o Goberno galego consideran necesario que o Executivo estatal teña en conta a este sector antes de que sexa demasiado tarde e se freen os investimentos en beneficio da industria do mar e da economía de Galicia.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:



“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a demandar do Goberno de España unha rectificación e que inclúa nas axudas do Perte Agroalimentario á cadea mar-industria”.

Santiago de Compostela, 6 de setembro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 06/09/2022 16:59:51

Teresa Egerique Mosquera na data 06/09/2022 17:00:12

José Manuel Balseiro Orol na data 06/09/2022 17:00:37

Freire Vázquez, María Begoña na data 06/09/2022 17:00:58

Ana Belén García Vidal na data 06/09/2022 17:01:15

Manuel Santos Costa na data 06/09/2022 17:01:33

María Elena Suárez Sarmiento na data 06/09/2022 17:01:49

Daniel Vega Pérez na data 06/09/2022 17:02:09

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados **Paula Prado del Rio, José Manuel Rey Varela, María Sol Díaz Mouteira, Ana Belén García Vidal, José Alberto Pazos Couñago, Noelia Pérez López e María Felisa Rodríguez Carrera** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei na Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior**

Exposición de Motivos

A Xunta de Galicia reafirma o seu compromiso para seguir colaborando no mantemento dos Grupos de Emerxencia Supramunicipal (GES), postos en marcha en 2013 en consenso coas deputacións e os concellos.

Así, pese a que os servizos de emerxencias son competencia das deputacións e dos concellos de máis de 20.000 habitantes a Xunta amosou sempre a súa disposición a colaborar asumindo máis da metade do financiamento dos GES, o que supón un investimento de máis de 11 millóns de euros no período 2019-2021 e máis de 40 millóns de euros dende o ano 2013.

A Xunta de Galicia apostou por dar continuidade aos grupos de Emerxencia Supramunicipais (GES) que complementan a atención das emerxencias e extinción de incendios forestais, xunto cos parques de bombeiros municipais e os parques de bombeiros comarcais, de forma que cobren zonas nas que os tempos de resposta dos parques de bombeiros son superiores aos 20 minutos, cun ámbito de actuación superior ao municipal.

Para concretar este apoio no ano 2021, a Xunta propuxo ás Deputacións provinciais e á FEGAMP unha serie de medidas para mellorar o funcionamento dos GES, incrementando o financiamento e completando o cadro de persoal daqueles GES que contan con dúas bases e menos de 12 persoas en cada base.

Estas melloras so se materializaron na provincia de Ourense, xa que as Deputacións da Coruña, Lugo e Pontevedra manifestaron non estar dispostas a aportar o 40 % de cofinanciación necesario para levar a cabo ditas melloras.

Por esta razón, no ano 2021 renováronse os convenios dos GES, pasando dun único convenio a tres, un coa Deputación de Ourense para o período 2022-2024 con unha serie de melloras, outro coa Deputación de Pontevedra para o período 2022-2023 e



outro coas Deputacións da Coruña e Lugo soamente para o ano 2022, xa que remataría a súa vixencia o 31 de decembro deste ano.

O feito de que o convenio entre a Xunta de Galicia, a FEGAMP e as Deputacións da Coruña e Lugo remate a 31 de decembro do presente ano xera unha situación moi grave de incerteza para os municipios destas provincias, especialmente para os concellos sede dos GES, pero tamén para aqueles que reciben o servizo.

Por todo o exposto, as deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular presentamos a seguinte proposición non de lei en Comisión.

"O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ás deputacións provinciais da Coruña e de Lugo para que, no exercicio das súas competencias legalmente atribuídas, renoven o convenio para dar continuidade aos Grupos de Emerxencia Municipais (GES) das súas provincias, garantindo así a prestación dun servizo esencial para os veciños e veciñas".

Santiago de Compostela, 6 de setembro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 06/09/2022 17:19:12

Paula Prado del Río na data 06/09/2022 17:19:18

José Manuel Rey Varela na data 06/09/2022 17:20:14

María Sol Díaz Mouteira na data 06/09/2022 17:20:22

Ana Belén García Vidal na data 06/09/2022 17:21:08

José Alberto Pazos Couñago na data 06/09/2022 17:21:15

Noelia Pérez López na data 06/09/2022 17:21:57

María Felisa Rodríguez Carrera na data 06/09/2022 17:22:02



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Paloma Castro Rey, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos

O último concurso público que sacou a xerencia da área sanitaria Pontevedra-Salnés foi totalmente deficitario como denunciou no seu día o Grupo Socialista.

Un contrato que se sacou a licitación por 19 millóns de euros a 3 anos e 2 máis de prórroga con 7 ambulancias menos que o anterior concurso.

As consecuencias destes recortes do Sergas son meses de servizo insuficiente xa que non se cobren as baixas, vacacións ou días libres o que implica que moitos días as ambulancias do CHOP non estean operativas para traslados por falta de técnicos/as.

O pasado sábado 13 de agosto, día da festa da Peregrina, con máis de 100.000 persoas na comarca de Pontevedra, nun había ningunha UVI operativa, xa que non había técnico para cubrir esta quenda.

A maiores disto os/as traballadores/as da empresa denuncian o incumprimento da acta firmada tras a folga o 31 de marzo deste ano, onde se recollía o compromiso de mellorar as deficiencias existentes en estado dos vehículos, uniformes, taquillas, duchas, prevención de riscos, antigüidade dos contratos e contratación.

Dende o Grupo Socialista entendemos que a Xunta e en concreto o Sergas é o único responsable do deterioro deste servizo ao establecer unhas condicións paupérrimas neste prego de contratación, demostrando que non lle importa nin as condicións laborais dos profesionais, nin a seguridade ou atención sanitaria dos/as doentes.



Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a garantir o funcionamento axeitado do servizo de ambulancias na área sanitaria Pontevedra-Salnés.

Pazo do Parlamento, 6 de setembro do 2022

Asdo.: Paloma Castro Rey
Julio Torrado Quintela
Marina Ortega Otero
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Luís Manuel Álvarez Martínez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 06/09/2022 18:33:11

Julio Torrado Quintela na data 06/09/2022 18:33:20

Marina Ortega Otero na data 06/09/2022 18:33:28

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 06/09/2022 18:33:39



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialista de Galicia, por iniciativa do seu deputado **Julio Torrado Quintela** e da súa **deputada Patricia Otero Rodríguez**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Comisión 8.ª, Pesca e Marisqueo**.

Exposición de motivos

É un feito obvio e perfectamente coñecido que a produción marisqueira da ría de Arousa, a mellor do mundo neste aspecto, vén amosando un descenso demoledor na última década e acentúase nos últimos anos. Neste 2022 varios conxuntos de colectivos dependentes da actividade marisqueira (confrarías, mariscadoras, bateiros e grupos ecoloxistas) alertaron dunha baixada xeral en todas as especies, que pode superar o 70 % nalgúns delas como ameixa ou berberecho.

Ante este escenario, os colectivos dependentes do mar demandaron medidas de rexeneración da ría e o afrontamento serio e decidido por parte do Goberno de Galicia, a través da Consellería do Mar, para estudar con profundidade e ser quen de saber o que realmente está a ocorrer. Durante os últimos anos estes colectivos veñen apuntando á necesidade de rexenerar os espazos de marisqueo, proponendo dragaxes da ría para solucionar os problemas derivados da acumulación de area na saída do río e modificar as correntes que prexudican ás especies.

Máis alá destas propostas, non existen tampouco explicacións nítidas por parte da Consellería do Mar que permitan ter unha posición de referencia para coñecer as medidas necesarias e poder afrontar solucións con garantías. O Parlamento de Galicia ten sido sede de numerosos debates a preguntas e propostas da oposición sobre estas cuestións, nos que o Goberno manifesta a súa percepción de satisfactorio rendemento das rías galegas e, especialmente, no caso da ría da Arousa. Esta inconsistencia entre o que apunta o sector dependente do marisqueo e o Goberno de Galicia dificulta a posibilidade de encarar as necesidades para a mellora dunha produción que hoxe sitúase en niveis que poñen en perigo a continuidade da actividade.



Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Realizar un estudo en profundidade sobre as causas da perda de produción marisqueira da ría de Arousa, que inclúa unha valoración de propostas e medidas a tomar que puideran contribuír a mellorar a situación.
2. A partir da análise referida no punto anterior, elaborar un plan de recuperación da produción marisqueira da ría de Arousa baseada nas medidas que sexan propostas.
3. Realizar, de maneira previa, algunhas labores de dragaxe da ría que permitan avaliar o impacto desta actuación para coñecer a súa real influencia sobre a produción marisqueira da ría.

Pazo do Parlamento, 7 de setembro do 2022

Asdo.: Julio Torrado Quintela

Patricia Otero Rodríguez

Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Luís Manuel Álvarez Martínez

Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 07/09/2022 11:21:42

Patricia Otero Rodríguez na data 07/09/2022 11:21:50

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 07/09/2022 11:21:59



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas **Noelia Otero Lago** e **Noa Díaz Varela**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Comisión 4.^a, Educación e Cultura**.

Exposición de motivos

O presidente do PP, Alberto Núñez Feijóo vén de reclamar ao Goberno do Estado a ampliación do fondo estatal para a axuda na compra de libros de texto ata os 100 millóns. Un suposto interese polas familias que afrontan un difícil inicio de curso que choca de maneira frontal coas políticas que vén aplicando o PP ao fronte da Xunta de Galicia nestes últimos anos. Cómpre lembrar, que no ano 2009 coa chegada do señor Feijóo á Presidencia da Xunta de Galicia decidiu acabar co sistema de préstamo universal de libros de texto que viña funcionando tras ser implantado polo goberno presidido polo socialista Emilio Pérez Touriño.

Dende aquela e tal e como o PSdeG vén denunciando de xeito incansable, as familias galegas padecen un sistema de axudas parciais aplicado polo PP ineficaz e insuficiente e rexeitado tamén por ANPA, sindicatos e comunidade educativa e que nestes anos mesmo obrigou xunto á colaboración dos concellos a organizar e achegar fondos ao banco solidario para tratar de aumentar os préstamos e compensar o desleixo da Xunta de Galicia estes anos coas familias. Nun contexto económico especialmente delicado, o PSdeG insiste na súa demanda de recuperar de inmediato a gratuidade universal dos libros de texto necesarios para este novo curso que se inicia.

Resulta inaceptable a hipocrisía constante do PP neste contexto de crise de reclamar máis fondos ao Estado cando na nosa comunidade e contando coas competencias o PPdeG ao fronte da Xunta de Galicia mantén un sistema inxusto que non é eficiente economicamente e que por enriba de todo non cubre as necesidades da totalidade das familias galegas.



A educación é un dereito básico e tal e como recolle a Constitución “*gratuíto*” pero en Galicia esta máxima non é unha realidade cando o gasto en libros e material supón un esforzo económico elevadísimo e en moitos casos inasimilable.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Cubrir o gasto en libros de texto e material no ensino obrigatorio neste curso 2022/2023.
2. Comprometer e contemplar nos vindeiros orzamentos a recuperación da gratuidade universal dos libros de texto e material no ensino obrigatorio.

Pazo do Parlamento, 7 de setembro do 2022

Asdo.: Noelia Otero Lago
Noa Díaz Varela
Deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Luís Manuel Álvarez Martínez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noelia Otero Lago na data 07/09/2022 11:18:03

Noa Susana Díaz Varela na data 07/09/2022 11:18:12





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/09/2022 11:27:46
Nº Rexistro: 40461
Data envío: 07/09/2022 11:27:46.324

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 07/09/2022 11:18:22

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Rosana Pérez Fernández, Montserrat Prado Cores e Carme González Iglesias** e do deputado **Daniel Castro García**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 8ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Apenas transcorridos uns días da estabilización dos graves lumes que o pasado mes de agosto queimaran máis de 2.200 hectáreas, segundo datos oficiais, na comarca da Barbanza, os e as representantes das distintas confrarías e agrupacións de mariscadoras do norte da ría de Arousa fixeron público o seu temor polas posíbeis consecuencias dos mesmos sobre a ría e os bancos marisqueiros se se producían choivas.

Esta preocupación, xunto con outras demandas, foi trasladada directamente ao conselleiro de Medio Rural por parte dos alcaldes da Mancomunidade de Concellos de Arousa Norte nunha reunión mantida o 17 de agosto.

Ao tempo, fíxose público que Augas de Galiza traballaba xa na inspección de distintos puntos afectados en coordinación coa Consellería de Medio Rural a través do Centro de Investigacións Forestais de Lourizán, para tratar de previr posíbeis arrastres de cinzas ás canles fluviais e coñecíase que se estaban a deseñar barreiras de contención aproveitando a propia madeira existente nas ribeiras dos cauces fluviais afectados e que se procedería á instalación de pacas de palla seca no terreo máis erosionado e “nos puntos máis sensíbeis”.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Os técnicos dese Centro de Investigación que estiveron presentes na reunión entre o conselleiro de Medio Rural e os alcaldes de Arousa Norte, puxeron de manifesto que a afectación dos solos era “baixa e só moderada nalgúns puntos concretos” e que se estaban a avaliar medidas paliativas, a maiores das que xa se estaban a executar de xeito urxente. E mesmo o propio conselleiro asegurou que estaban “a estudar todas as medidas a levar a cabo para evitar problemas nos bancos marisqueiros”.

Finalmente, as choivas dos últimos días confirmaron os peores presaxios e os restos dos incendios chegaron xa á ría de Arousa a través, principalmente, dos ríos Pedras, na Pobra do Caramiñal, e Coroño, en Boiro.

Nestes momentos aínda non se coñece o verdadeiro alcance deses arrastres nin os danos exactos dos mesmos na ría e nos bancos marisqueiros, mais a preocupación aumenta pola previsión de que continúen as choivas.

Segundo vén de transcender no día de hoxe, as primeiras avaliacións evidencian -máis unha vez- as contradicións entre as versións da Xunta de Galiza e o propio sector do mar. A primeira, achaca a turbidez da auga á terra e sedimentos arrastrados coas choivas e, o segundo, ás cinzas.

Nun caso ou noutro, aínda sen teren rematado as choivas e malia ás informacións oficiais, de novo volven xurdir dúbidas sobre a actuación da Xunta de Galiza no que se refire ás medidas de prevención de arrastre de cinzas aos cauces fluviais e á ría de Arousa.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 8ª:

“O Parlamento de Galiza insta a Xunta de Galiza a:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Levar a cabo unha avaliación exhaustiva das consecuencias dos incendios do mes de agosto na comarca da Barbanza sobre os cauces fluviais, a ría de Arousa e os seus bancos marisqueiros.

- Dispoñer de inmediato todos os medios técnicos e humanos necesarios para impedir que continúen os arrastres á ría e aumente a afectación.

- Elaborar os plans de continxencia que poidan dar cobertura ás posíbeis perdas económicas que se ocasionen e afecten ás traballadoras e traballadores do mar en Arousa Norte derivadas dos arrastres das choivas nos últimos días.”

Santiago de Compostela, 7 de setembro de 2022

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

Montserrat Prado Cores

Carme González Iglesias

Daniel Castro García

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 07/09/2022 11:49:37

María do Carme González Iglesias na data 07/09/2022 11:49:42





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María Montserrat Prado Cores na data 07/09/2022 11:49:50

Daniel Castro García na data 07/09/2022 11:50:00

Rosana Pérez Fernández na data 07/09/2022 11:50:14



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Noelia Otero Lago, Noa Díaz Varela, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos

A iniciativa de pintar coas bandeiras arco da vella os letreiros de entrada na cidade de Santiago de Compostela púxose en marcha no mes de xuño para mostrar á cidade como un espazo libre de LGTBIQfobia, medida apoiada no Pleno municipal por todos os grupos con representación: PSOE, PP, BNG e Compostela Aberta.

En canto se levou á práctica primeiro apareceu vandalizado e pintado de vermello e amarelo un dos letreiros co nome de Santiago na entrada á cidade no barrio de San Lázaro, e pouco máis dun mes despois repetiuse o episodio no acceso á capital galega a través do barrio de Santa Marta.

Estes exemplos amosan a lamentable persistencia de actitudes e manifestacións LGTBIfóbicas nas nosas rúas. Afortunadamente neste caso falamos de danos materiais e non humanos, pero cómpre lembrar que nos últimos meses deste ano son moitos os episodios de agresións denunciados arredor de todo o país.

Exemplos como o acontecido o domingo día 1 de maio pola noite cando un mozo denunciou ter sido golpeado e acosado ao berro de “maricón de merda” en Ribadavia á saída dun local. Poucos días antes na cidade de Ourense foron outras dúas as agresións homófobas denunciadas, o 8 de abril un grupo de música valenciano denunciou o 8 de abril nas súas redes sociais a agresión sufrida por un dos seus integrantes, ao que aseguran rompéronlle o nariz e deixaron inconsciente e poucos días despois, outro mozo á saída dunha discoteca na rúa Arturo Pérez Serantes foi agredido noutro incidente con tintes homófobos e que precisou de atención médica e foi denunciado ante a Policía Nacional. Tamén na cidade de Vigo a Policía Nacional de Vigo abriu investigación por outro presunto ataque homófobo sufrido durante a Semana Santa a dous mozos de 22 e 23 anos cando se estaban a bicar nun banco da Praza de Portugal na contorna de Churruca.



Neste contexto, este grupo parlamentario volve a insistir na necesidade de que a Xunta de Galicia desenvolva todas as ferramentas a súa disposición para loitar contra a LGTBIfobia e avanzar na igualdade e a non discriminación das persoas LGTBI na nosa comunidade.

As agresións LGTBIfóbicas non deixan de aumentar no conxunto do Estado e tamén en Galicia. Os datos dos observatorios contra a homofobia en Madrid, Cataluña ou no da Coruña, ante a falta de actividade e datos do Observatorio galego, reflicten tamén un aumento do número de incidentes e todo indica que se trata dunha constante en toda a nosa xeografía, sen excepción. Estas actitudes violentas, que causan un gran sufrimento ás vítimas e que, en moitos casos, nin se chegan a denunciar, están alentadas e precedidas polos discursos de odio, especialmente cando estes institucionalízanse ou normalízanse no ámbito público.

Entre as medidas trasladadas temos solicitado en diversas iniciativas que dotasen de contido e actividade ao Observatorio Galego contra a Discriminación aprobado no 2018 e que non tivo apenas actividade, este ano unicamente unha xuntanza a finais do mes de xuño. Tamén temos solicitado que desenvolvan a Lei 2/2014, do 14 de abril, aumentar a dotación orzamentaria na actualidade raquítica para soste aos colectivos que traballan pola igualdade e a non discriminación das persoas LGTBI, pero lamentablemente todas elas contan co muro do voto en contra do Grupo Popular. Cómpre pasar das boas palabras aos feitos.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Poñer en marcha de xeito inmediato campañas de sensibilización, información e formación, sobre a realidade das persoas pertencentes ao colectivo LGTBI en colaboración co movemento asociativo LGTBI.
2. Dotar de orzamento, contido e planificar un calendario de actividade do Observatorio Galego contra a Discriminación en acordo coas asociacións e colectivos de xeito que poida desenvolver as funcións para as que foi creado.
3. Comprometer nos vindeiros orzamentos un aumento considerable dos recursos que se destinan aos colectivos que traballan pola igualdade LGTBI na comunidade, tendo en conta que neste ano a asignación de axudas contemplaba uns míseros 25.000 euros.



Pazo do Parlamento, 7 de setembro do 2022

Asdo.: Noelia Otero Lago
Noa Díaz Varela
Julio Torrado Quintela
Marina Ortega Otero

Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Luís Manuel Álvarez Martínez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noelia Otero Lago na data 07/09/2022 13:53:31

Noa Susana Díaz Varela na data 07/09/2022 13:53:38

Julio Torrado Quintela na data 07/09/2022 13:53:51

Marina Ortega Otero na data 07/09/2022 13:53:59

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 07/09/2022 13:54:10





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa do deputado **Xosé Luis Rivas Cruz** e das deputadas **Carmen Aira Díaz** e **Maria González Albert**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 7ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Real Decreto 428/2022 polo que se establecen as bases reguladoras para a concesión directa de axudas excepcionais de adaptación para compensar as dificultades económicas derivadas da guerra de Ucraína en determinados sectores agrarios, constitúe a proba manifesta do descoñecemento da realidade do noso agro e das características e singularidades do noso tecido produtivo baseado en pequenas granxas familiares de produción de carne en réxime extensivo, tanto de vacún como de ovino e cabrún.

A orde pola que se estableceron as bases reguladoras para a concesión directa dunha axuda excepcional de adaptación para compensar as dificultades económicas derivadas do conflito bélico na Ucraína en determinados sectores agrarios, constitúe un compendio de erros e discriminacións do vacún, ovino e cabrún de Galicia, xa que a meirande parte das granxas afectadas son pequenas e medianas, cunha orientación produtiva mixta, na que se combina a cría de becerros co mantemento das vacas nutrices na granxa.

Excluír o cobro da axuda polos becerros e recoñecer só o cobro polas nais é unha maneira de penalizar un xeito de vida sostible dende un punto de vista ambiental, social e económico que só conduce ao empeoramento da situación de abandono do medio rural. É unha mostra máis de que o Ministerio de Agricultura non ten en conta a





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

realidade das granxas de vacún no norte peninsular, e en especial as galegas. É
fondamente preocupante o presunto descoñecemento do sector que semella ter o
Ministerio, que considera o cebo de tenreiros neste tipo de granxas como unha
actividade complementaria á da vaca nodriza.

Vexamos:

RD 428/2022 de 7 de xuño

Artículo 3. Beneficiarios.

*1. Serán beneficiarios de esta ayuda los productores de vacuno de carne y los
productores de ovino y caprino de carne que:*

*a) Hayan presentado en el año 2022 la solicitud única prevista en el Real
Decreto 1075/2014, de 19 de diciembre.*

*b) Sean titulares, a fecha de presentación de la solicitud única correspondiente
al año 2022, de explotaciones inscritas y que consten en alta en el Registro general de
explotaciones ganaderas (REGA) con el tipo de explotación «Producción y
reproducción» o tipo «Pasto». En el primer caso a nivel subexplotación deberán estar
clasificadas como explotaciones de bovino, ovino o caprino con una clasificación
zootécnica de «reproducción para producción de carne» o «reproducción para
producción mixta» o explotaciones de bovino con una clasificación de «cebo o
cebadero».*

*c) En el caso de ser productores de ovino y caprino, no cuenten con
declaraciones de entregas o de ventas directas registradas en el Sistema Unificado de
Información Láctea (INFOLAC) durante el año 2021 para la especie objeto de ayuda.*

*d) Hayan solicitado en el año 2021, y cuenten con animales determinados
para percibirla, alguna ayuda asociada de las previstas en la sección 2.ª, en las líneas*



c) y d) del apartado 3 del artículo 63 de la sección 3.^a y en las secciones 5.^a, 6.^a, 8.^a y 9.^a todas ellas del capítulo II del título IV del Real Decreto 1075/2014, de 19 de diciembre.

Nesta liña d) referida aos produtores e produtoras que perciben pagos directos da PAC soamente se inclúen os contemplados nas liñas c) e máis d) do apartado 3 do artigo 63 da sección 3^a do Real Decreto 1075/2014 de 19 de decembro que regula estes pagos quedando por tanto excluídos os das liñas a) e b).

-Quen son logo os produtores e produtoras contemplados nas liñas a) e máis b) do apartado 3 do artigo 63 da sección 3^a do Real Decreto 1075/2014 de 19 de decembro que por omisión quedan excluídos?

Real Decreto 1075/2014 de pagos directos da PAC:

Sección 3.^a Ayuda asociada para las explotaciones de vacuno de cebo

Artículo 63. Objeto, ámbito de aplicación y dotación presupuestaria.

1. Se concederá una ayuda asociada a los titulares de explotaciones dedicadas a la actividad de cebo de ganado vacuno al objeto de garantizar la viabilidad económica de estas explotaciones.

2. La dotación presupuestaria total que se destinará cada año a esta medida será la que se recoge para cada línea de ayuda en el anexo II de este real decreto, y se empleará anualmente teniendo en cuenta lo establecido en el artículo 59.

3. Dentro de esta ayuda asociada se establecen las siguientes líneas de ayuda:

a) terneros cebados en la misma explotación de nacimiento o en cebaderos comunitarios gestionados por productores de vaca nodriza en la región España peninsular.

b) terneros cebados en la misma explotación de nacimiento o en cebaderos comunitarios gestionados por productores de vaca nodriza en la región insular.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

c) terneros cebados procedentes de otra explotación en la región peninsular.

d) terneros cebados procedentes de otra explotación en la región insular.

E velaí como deste xeito tan sutil exclúen das axudas aos becerros de carne das explotación extensivas de cebo tradicional.

E velaí tamén coma unha vez máis todas as directrices comunitarias referentes á especial protección, dinamización e apoio ás pequenas e medianas explotacións familiares, á gandería extensiva, á xestión do territorio, á fixación de poboación, á prevención dos lumes, á sustentabilidade da actividade gandeira... todo iso queda en nada e tradúcese nun intencionado apoio aos cebadoiros e á gandería intensiva de corte industrial.

Dentro da IXP “Ternera Gallega” temos arredor de 8.000 granxas que ceban os seus propios xatos, e que por unha interpretación totalmente errónea por parte do Ministerio quedan fóra desta axuda. Esixímoslle ao Ministerio de Agricultura que de xeito inmediato corrixa o artigo 3 do RD 428/2022, e inclúa como beneficiarios da axuda por vacún de cebo os tenreiros nados na propia explotación como se recolle nos puntos a) e b) do artigo 63 da lexislación da PAC, eliminados durante a redacción do RD428/2022”.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento insta a Xunta a reclamar do goberno do Estado:

-A modificación do RD 428/2022 de 7 de xuño e que na súa liña d) inclúa aos produtores e produtoras perceptores dos pagos directos da PAC regulados no Real Decreto 1075/2014, de 19 de decembro que neste decreto figuran na liña a):





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

a) terneros cebados en la misma explotación de nacimiento o en cebaderos comunitarios gestionados por productores de vaca nodriza en la región España peninsular.

-A modificación da Resolución de 28 de xullo de 2022 do Fogga pola que se aproba a listaxe preliminar de persoas físicas e xurídicas beneficiarias das axudas contempladas no RD 428/2022 para incluír coma beneficiarios da axuda por vacún de cebo aos tenreiros nados na propia explotación coma se recolle nas liñas a) e b) do artigo 63 da lexislación da PAC.”

Santiago de Compostela, 7 de setembro de 2022

Asdo.: Xosé Luis Rivas Cruz

Maria González Albert

Carmen Aira Díaz

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Rivas Cruz na data 07/09/2022 16:31:08

María del Carmen Aira Díaz na data 07/09/2022 16:31:11





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María González Albert na data 07/09/2022 16:31:25

Ana Pontón Mondelo na data 07/09/2022 16:31:34



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas **Noelia Otero Lago** e **Noa Díaz Varela**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Comisión 4.ª, Educación e Cultura**.

Exposición de motivos

Moitos son os motivos e os feitos que demostran que unha redución de alumnado na aula permite unha mellor atención individualizada e uns resultados positivos en canto ao rendemento escolar.

O preocupante descenso de natalidade e o consecuente descenso de matriculación de alumnado nalgúñas zonas do país no canto de ser acollido con políticas serias en materia demográfica ou no campo educativo para aproveitar e camiñar nesta aposta polos servizos de calidade unicamente está a servir de escusa na Consellería de Educación para suprimir servizos no rural, suprimir postos de traballo de docentes e en definitiva recortar investimento en recursos humanos e económicos no eido do ensino.

Sen ir máis lonxe, a Xunta de Galicia fixo oficial para este curso novos recortes de centros educativos como ven acontecendo sistematicamente nos últimos anos, desta volta en Fene, Vila de Cruces, Marín ou Vilagarcía.

Na última década asistimos ao peche de máis de duascientas escolas unitarias e estes anos vemos con preocupación como pechan centros de educación infantil e primaria e integra outros sen ter en conta as consecuencias para as veciñas e veciños das localidades e vilas afectadas.

Segundo os sindicatos o recorte de profesores e profesoras en Infantil e Primaria neste curso situarase no centenar. Serán 96 docentes menos de educación infantil e primaria tras eliminar 32 unidades en infantil e 35 en primaria, segundo datos da Consellería publicados no Diario Oficial de Galicia. Unha vez máis para a Consellería de Educación priman unicamente os motivos económicos e amosan o constante desleixo co rural e co ensino público.



Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Rectificar a supresión de postos docentes nos centros de ensino para o curso académico 2022/2023 e situar os cadros docentes nos niveis do curso 20/21.
2. Abrir un diálogo no seo da Mesa Sectorial de Educación para avaliar e acordar as necesidades de cadros docentes para este curso e o impacto do peche de unidades de infantil e primaria.

Pazo do Parlamento, 7 de setembro do 2022

Asdo.: Noelia Otero Lago
Noa Díaz Varela
Deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Luís Manuel Álvarez Martínez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noelia Otero Lago na data 07/09/2022 16:41:53

Noa Susana Díaz Varela na data 07/09/2022 16:42:02

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 07/09/2022 16:42:12





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa do deputado **Xosé Luis Rivas Cruz** e das deputadas **Carmen Aira Díaz** e **Maria González Albert**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 7ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A 31 de agosto do presente ano, o presidente da Xunta de Galicia anunciou que o seu goberno vai mobilizar máis de 17 millóns de euros en axudas directas ó sector da carne de Galicia diante a difícil situación que atravesamos agravada pola guerra en Ucraína. Estas axudas son complementarias das comprometidas en xuño polo Ministerio cun montante de 11,8ME.

O RD 428/2022 polo que se establecen as bases reguladoras para a concesión directa de axudas excepcionais de adaptación para compensar as dificultades económicas derivadas da guerra de Ucraína en determinados sectores agrarios, constitúe a proba manifesta do descoñecemento da realidade do noso agro e das características e singularidades do noso tecido produtivo baseado en pequenas granxas familiares de produción de carne en réxime extensivo, tanto de vacún como de ovino e cabrún.

A orde pola que se estableceron as bases reguladoras para a concesión directa dunha axuda excepcional de adaptación para compensar as dificultades económicas derivadas do conflito bélico na Ucraína en determinados sectores agrarios, constitúe un compendio de erros e discriminacións do vacún, ovino e cabrún, xa que a meirande parte das granxas afectadas son pequenas e medianas, cunha orientación produtiva





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

mixta, na que se combina a cría de becerros co mantemento das vacas nutrices na granxa.

Excluír o cobro da axuda polos becerros e recoñecer só o cobro polas nais é unha forma de penalizar un xeito de vida sostible dende un punto de vista ambiental, social e económico, que só conduce ao empeoramento da situación de abandono do medio rural. É unha mostra máis de que o Ministerio de Agricultura non ten en conta a realidade das granxas de vacún no norte peninsular, e en especial as galegas. É fondamente preocupante o presunto descoñecemento do sector que semella ter o Ministerio, que considera o cebo de tenreiros neste tipo de granxas como unha actividade complementaria á da vaca nodriza.

Dentro da IXP “Ternera Gallega” temos arredor de 8.000 granxas que ceban os seus propios xatos, e que por unha interpretación totalmente errónea por parte do Ministerio quedan fóra desta axuda. Esixímoslle no seu momento ó Ministerio de Agricultura que de xeito inmediato corrixa o artigo 3 do RD 428/2022, e inclúa como beneficiarios da axuda por vacún de cebo os tenreiros nados na propia explotación como se recolle nos puntos a) e b) do artigo 63 da lexislación da PAC, eliminados durante a redacción do RD428/2022”.

Se se aplicara correctamente o RD 428/2022, no caso do vacún de carne o 48% das granxas beneficiarias (4.732) serían as que dispoñen de menos de 10 vacas nutrices. Estamos pois, diante dun novo desvío de cartos públicos cara a agroindustria en detrimento das pequenas e medianas granxas.

Este desleixo a nivel estatal vese empeorado aínda máis por mor da mediocre dirección da Consellaría do Medio Rural da Xunta de Galicia, que está a publicar listaxes de persoas beneficiarias nas cales se detectan continuos erros, moi chamativos en cuestións como as persoas novas solicitantes PAC ou relevos xeracionais.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

No caso do RD428/2022 outra vez temos este problema. Desta volta a Consellería de Medio Rural non elaborou as listaxes seguindo o criterio marcado polo RD, é dicir, 125 vacas nodrizas incluída a porcentaxe de xovencas previsto no RD1075/2014; nin aplicaron a posibilidade de fixar un mínimo subvencionable, en especial para o ovino, e que deixa fóra a moitas granxas mixtas do país.

Unha gran parte das granxas do país son de carácter cárnico mixto -vacún, ovino, cabrún, cabalar, porcino...-, polo que a aplicación de normas estatais debería ser acorde a esta realidade galega. A utilización combinada destas especies proporciona un valor engadido no mantemento das superficies agrarias, nomeadamente nas zonas de montaña, polo que as granxas cárnicas mixtas “deberían ser un dos eixos a potenciar pola Administración galega, máis nestes días de intensos lumes en toda a nosa comunidade.

O sector gandeiro galego supón un 54% da produción final agraria (PFA) fronte ao 17,5% da media no estado español, segundo o anuario da agricultura familiar en España no 2020, o que nos dá unha idea da importancia do sector primario na nosa economía. Os cinco sub-sectores gandeiros máis importantes despois do lácteo son: o bovino de carne, o avícola, o porcino, o cunícola e o ovino e cabrún. Galiza aportou en 2.018 un 11% da produción de carne de vacún dentro do estado español.

Por este motivo, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 7ª:

“O Parlamento insta a Xunta a:

1.- Establecer criterios de reparto das axudas propias da administración autonómica que compensen este descoñecemento da realidade do noso agro primario para o vacún de carne en Galiza, activando un pago adicional por becerro sacrificado vinculado a vaca nutriz que permita equilibrar os prezos e o baleiro que nos deixa o





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

RD428/2022. Ou ben designar un pagamento directo por vaca nutriz ou por granxa, para deste xeito asegurar que se está a pagar directamente a quen cría os becerros garantindo así a continuidade das granxas, moitas delas situadas en zonas desfavorecidas e de alta montaña.

2.- Valorar dunha vez o peso real co que conta a gandaría extensiva de carne no noso país e que estableza dunha vez un pago ecosistémico equiparable á actual axuda agroambiental ou por zona con limitación natural e/ou protección especial, co orzamento necesario e suficiente para compensar os labores de mantemento do territorio, da paisaxe e de coexistencia cos grandes depredadores, o medio dos nosos pastores e gandeiros.

3.- Defender no novo período da PAC unha metodoloxía de establecemento do coeficiente de admisibilidade de pastos arbustivos e pastos baixo arboredo acordes ao aproveitamento de moitas zonas de monte, que na actualidade quedan deste xeito excluídas das axudas da PAC.”

Santiago de Compostela, 7 de setembro de 2022

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

Maria González Albert

Carmen Aira Díaz

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 07/09/2022 18:32:30

Xosé Luis Rivas Cruz na data 07/09/2022 18:32:33

María González Albert na data 07/09/2022 18:32:45

María del Carmen Aira Díaz na data 07/09/2022 18:32:54



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Paloma Castro Rey, Patricia Otero Rodríguez e Eduardo Ojea Arias**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

Exposición de motivos

No pasado mes de xuño a conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda anunciaba publicamente a finalización e recepción da obra de mellora da depuradora de Praceres en Lourizán (Pontevedra).

Unha obra na que se investiron 16,5 millóns de euros e que tiña por finalidade mellorar a liña de auga e así dar cumprimento aos límites de vertido que marca a UE.

Tres meses despois da súa posta en funcionamento a veciñanza de Lourizán denuncia que os problemas de cheiros e ruídos son moito peores que os existentes antes da mellora.

Dende o Grupo Parlamentario Socialista consideramos que a consellería ten que inspeccionar que acontece, xa que tras estas obras o prexuízo para os veciños/as incrementouse, e estamos a falar dunha poboación que leva anos soportando o agravio que supón ter unha depuradora preto das súas vivendas e padecendo a unha Xunta de Galicia que se despreocupa totalmente desta situación.

Por iso instamos a este Goberno a que leve a cabo unha inspección sobre o que está a acontecer na depuradora de Praceres tras esta reforma e tome medidas para paliar os cheiros e o ruído e en consecuencia permitan mellorar a calidade de vida da veciñanza de Lourizán.



Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a levar a cabo unha inspección sobre o aumento dos cheiros e o ruído na depuradora de Praceres tras as últimas obras de mellora realizadas e tomar medidas para paliar estes prexuízos que permitan mellorar a calidade de vida da veciñanza de Lourizán.

Pazo do Parlamento, 7 de setembro do 2022

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 08/09/2022 10:51:48

Patricia Otero Rodríguez na data 08/09/2022 10:51:58

Eduardo Ojea Arias na data 08/09/2022 10:52:08

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 08/09/2022 10:52:20





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Mercedes Queixas Zas** e dos deputados **Manuel Lourenzo Sobral** e **Daniel Castro García**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 4ª**, sobre a posta en valor do patrimonio cultural galego a partir de recursos de desenvolvemento dixitais e tridimensionais.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Unha das caras principais da identidade galega é aquela que a visibiliza a partir do noso legado patrimonial histórico e arqueolóxico, desde a Prehistoria até a Idade Moderna, quer sexa este conservado e protexido, atendendo aos seus diferentes estados, quer sexa xa irrecuperábel ou desaparecido.

Nun e noutro caso é posíbel conservalo, recuperalo e resignificalo grazas ao traballo interdisciplinar de especialistas e expertos no seu estudo e investigación desde as diferentes áreas do coñecemento da historia, da ciencia e da tecnoloxía.

Mais, na actualidade, cómpre tamén procurar o retorno deste patrimonio cultural histórico ao tempo e á sociedade do presente.

É por iso que xa están en andamento proxectos de gran recoñecemento que están a fortalecer a nosa memoria patrimonial cunha nova memoria visual hiperrealística adaptada á linguaxe dixital do século XXI.

Deste xeito, o rigor histórico xunto ás tecnoloxías da información convértese nunha oportunidade óptima para educar e reencontrar a sociedade





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

galega coa súa propia historia patrimonial como cultura milenaria e posicionarnos á par das outras culturas do mundo.

Na actualidade, o Centro Infográfico Avanzado de Galicia (CIAG) está a ser un bo exemplo deste obxectivo a través dunha metodoloxía de vasos comunicantes que converte en accesíbel a todos os públicos o coñecemento e posta en valor do patrimonio cultural galego, nomeadamente daquel do que xa apenas temos constancia física.

Esta recuperación da nosa memoria patrimonial permítenos acceder a un sector emerxente do punto de vista cultural e académico, mais tamén como polo económico, industrial, investigador e laboral ao redor do sector audiovisual, realidade aumentada, impresión 3D, videoxogos, etc.

No BNG acreditamos en que estamos ante unha liña de traballo pioneira e moi necesaria, que precisa e merece impulso desde un goberno galego que se recoñeza no alto valor do seu patrimonio histórico cultural nacional, como valor social e de coñecemento en si propio e tamén como valor de mercado turístico e divulgativo, de proxección internacional de Galiza como un referente cultural universal.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 4ª:

“O Parlamento insta a Xunta a:

1- Promover, de forma interdisciplinar e integradora un proxecto de estudo, divulgación e aproveitamento do patrimonio cultural histórico a partir da





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

construción dunha nova memoria visual hiperrrealista do mesmo adaptada á linguaxe dixital do século XXI.

2- Crear un marco estábel de colaboración e apoio interinstitucional para o desenvolvemento das restitucións 3D de patrimonio arquitectónico e histórico.

3- Elaborar un proxecto formativo especializado na revirtualización patrimonial.

4- Crear unha base de datos pública de modelos 3D de conxuntos históricos e arqueolóxicos de toda Galiza como reservorio tridimensional de recursos patrimoniais.

5- Crear unha app sobre patrimonio arquitectónico e histórico galego que permita acceder á información sobre eses lugares de forma independente ou complementaria ás visitas presenciais ou mesmo ser alternativa ao coñecemento do patrimonio moi deteriorado ou desaparecido.”

Santiago de Compostela, 8 de setembro de 2022

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Daniel Castro García

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Manuel Lourenzo Sobral

Portavoz s. do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 08/09/2022 16:14:46

Daniel Castro García na data 08/09/2022 16:14:49

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 08/09/2022 16:15:01



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados **José Manuel Balseiro Orol, Carmen María Pomar Tojo, Ramón Carballo Páez, María Sol Díaz Mouteira, María Begoña Freire Vázquez, Rubén Lorenzo Gómez e María Belén Salido Maroño** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei na Comisión 2ª, de Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**

Exposición de Motivos

O 15 de abril de 2021, aprobábase no Parlamento de Galicia, por unanimidade, unha iniciativa na que se reclamaban melloras no ferrocarril de ancho métrico Ferrol-Xixón, máis coñecido polo seu antigo nome *Renfe-Feve* (agora *Renfe Cercanías AM*)

O acordo final, froito dunha transacción entre o Grupo Socialista e unha emenda presenta polo Grupo Popular, pedía ao Goberno central que desenvolvese unha serie de actuacións entre as que citaba a “limpeza, roza e mellora da liña; mantemento e mellora das estacións; estudo de posibles novas estacións e apeadoiros en función da demanda; mellora progresiva do material rodado; revisión das frecuencias actuais conforme a recuperación da demanda e o establecemento de procedementos claros de actuación no caso de que se produza calquera tipo de incidencias nos que primen a calidade do servizo e o confort dos usuarios”

Se nun primeiro momento o feito de que a iniciativa fora da autoría do PSOE, partido no Goberno de España, permitía albergar certas esperanzas sobre o pronto cumprimento deste acordo, a realidade é que este servizo público ferroviario non só non ten mellorado se non que empeorou dun xeito significativo nos últimos anos, ata o punto de que existen voces que alertan dun posible desmantelamento.

De feito, son os propios traballadores deste servizo (a través dos sindicatos), os alcaldes da zona e os usuarios os que denuncian que o ferrocarril de vía estreita en Galicia cada vez ten menos frecuencias e son menos fiables debido ás avarías continuas. Sinalan tamén que carecen de persoal tanto nos propios trens como nas estacións. De feito, está a producirse unha perda continuada de postos de traballo: fai seis anos había 12 persoas traballando na Feve na comarca da Mariña lucense e, na actualidade, tan só hai sete persoas para prestar todos os servizos. Multiplícanse as queixas tamén pola falta de espazo nos vagóns e pola falta de reforzos durante o verán ou non momentos de maior demanda, como poden ser as festas das localidades que percorre o tren.



A maiores da situación descrita, hai que engadir a preocupación que os sindicatos trasladan polo contido da futura Lei estatal de Mobilidade Sostible, que podería servir como escusa para eliminar este servizo ferroviario apelando a criterios meramente económicos e desprezando ás necesidades reais da poboación, sen ter en conta que esta liña ferroviaria contribúe a comunicar e vertebrar a comarca da Mariña lucense, Ortegal e Ferrolterra.

Sindicatos, traballadores e alcaldes e alcaldesas da zona buscan impulsar unha fronte unida para terminar coa marxinación do norte das provincias de Lugo e da Coruña en materia de infraestruturas ferroviarias, evitando que os cidadáns dos núcleos rurais poidan verse, unha vez máis, prexudicados polas políticas de transporte do Goberno que preside Pedro Sánchez o que, ademais, contribúe a aumentar o despoboamento das zonas máis afastadas das grandes cidades.

Por todo o exposto, as deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular presentamos a seguinte proposición non de lei en Comisión.

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para que adopte as seguintes medidas:

1º.- Acometa as melloras técnicas, organizativas e de dotación persoal precisas para garantir o axeitado funcionamento da liña ferroviaria de vía estreita Ferrol-Xixón en condicións de calidade e, nomeadamente, cumpra o previsto no acordo acadado na Comisión 2ª, de Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, o día 15 de abril de 2021

2º- Reforce as frecuencias e horarios destes servizos ante o incremento que experimenta a demanda e co obxectivo de garantir a mobilidade e os desprazamentos habituais dos cidadáns”.

Santiago de Compostela, 8 de setembro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 08/09/2022 17:13:10

José Manuel Balseiro Orol na data 08/09/2022 17:14:17

José Manuel Rey Varela na data 08/09/2022 17:14:20

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Carmen María Pomar Tojo na data 08/09/2022 17:15:04

Ramón Carballo Páez na data 08/09/2022 17:15:12

María Sol Díaz Mouteira na data 08/09/2022 17:15:45

Freire Vázquez, María Begoña na data 08/09/2022 17:15:51

Rubén Lorenzo Gómez na data 08/09/2022 17:16:48

Daniel Vega Pérez na data 08/09/2022 17:16:54

María Belén Salido Maroño na data 08/09/2022 17:17:26

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Ramón Fernández Alfonzo** e **Daniel Pérez López** e da deputada **Carme González Iglesias**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 6ª**, sobre a situación do persoal do Hotel Carrís Almirante de Ferrol.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Carrís Hoteles, S.L. é unha cadea hoteleira do Grupo Carrís que xestiona varios establecementos hostaleiros na Galiza, entre eles algún tan coñecido como o Albergue do Monte do Gozo, en Santiago de Compostela.

Como todas as empresas do sector viuse moi afectada pola crise provocada pola pandemia, e desde o primeiro momento botou man dos mecanismos sociais artellados polo goberno, nomeadamente un ERTE por Forza maior, que foi xestionando en función das necesidades cambiantes en cada un dos centros que xestiona no noso país, e que prolongou até o último momento.

A partir do 1 de abril do 2022 esta empresa está a aplicar un ERTE ETOP, pactado coa maioría da representación do persoal nunha negociación na que participaron representantes de 6 establecementos diferentes.

A excepción a ese acordo foi o persoal do centro de Ferrol, coñecido como Hotel Almirante, que manifestou o seu desacordo co ERTE proposto pola empresa, xa que establecía unhas condicións especiais para eles moito máis gravosas que para os demais centros de traballo afectados pola medida.

De feito este persoal leva sen traballar, no mellor dos casos, desde outubro do 2020, cando nos demais centros do grupo afectados por este ERTE as medidas





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

consistiron en reducións de xornada, e hai tempo que veñen traballando case con total normalidade.

As causas deste trato diferenciado e máis gravoso hainas que procurar máis aló de dificultades económicas, da situación do sector, ou de avarías das infraestruturas municipais, en desencontros de carácter empresarial entre a dirección da cadea hoteleira e a propiedade do edificio, algo absolutamente alleo ao persoal do centro, que sen embargo vese discriminado e profundamente prexudicado, pois esta estratexia empresarial trae como consecuencia que desde o mes de xuño todo o persoal do Hotel Almirante esgotou as súas prestacións por desemprego.

Por todas estas razóns, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 6ª:

“O Parlamento de Galiza insta a Xunta a intervir e mediar no conflito para que a empresa Carrís Hoteles recupere a súa actividade no centro Carrís Almirante de Ferrol.”

Santiago de Compostela, 8 de setembro de 2022

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonso**

Daniel Pérez López

Carme González Iglesias

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Ramón Fernández Alfonzo na data 08/09/2022 17:48:54

Ana Pontón Mondelo na data 08/09/2022 17:48:57

María do Carme González Iglesias na data 08/09/2022 17:49:09

Daniel Pérez López na data 08/09/2022 17:49:17



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu **Portavoz**, e dos deputados **Rosalía López Sánchez, Ovidio Rodeiro Tato, Paula Prado del Rio, Teresa Egerique Mosquera, María Elena Suárez Sarmiento, José Luis Ferro Iglesias, Carlos Gómez Salgado, María Felisa Rodríguez Carrera, Moisés Rodríguez Pérez, José Alberto Pazos Couñago, María Corina Porro Martínez, Noelia Pérez López, María Encarnación Amigo Díaz, Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez e María Elena Suárez Sarmiento**, solicita a retirada do documento con número de rexistro **37.789**, por duplicidade.

Santiago de Compostela, 7 de setembro de 2022



Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 07/09/2022 18:23:15

López Sánchez, Rosalía na data 07/09/2022 18:23:35

Ovidio Rodeiro Tato na data 07/09/2022 18:24:00

Paula Prado del Río na data 07/09/2022 18:24:13

Teresa Egerique Mosquera na data 07/09/2022 18:24:38

María Elena Suárez Sarmiento na data 07/09/2022 18:24:50

José Luis Ferro Iglesias na data 07/09/2022 18:25:05

Gómez Salgado, Carlos na data 07/09/2022 18:25:23

María Felisa Rodríguez Carrera na data 07/09/2022 18:25:35

Rodríguez Pérez, Moisés na data 07/09/2022 18:25:49

José Alberto Pazos Couñago na data 07/09/2022 18:26:06

María Corina Porro Martínez na data 07/09/2022 18:26:35

Noelia Pérez López na data 07/09/2022 18:26:49

María Encarnación Amigo Díaz na data 07/09/2022 18:27:05

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Marta Rodriguez Vispo Rodriguez na data 07/09/2022 18:27:18

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular, a través do seu **portavoz**, advertido un erro no documento con número de rexistro **40.587**, solicita a súa corrección no seguinte senso:

Onde di:

“solicita a retirada dos documentos con número de rexistro 39.620 e 39.631”

Debe de dicir:

*“solicita a retirada dos documentos con número de rexistro 39.620 e **39.621**”*

Santiago de Compostela, 8 de setembro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 08/09/2022 17:32:52

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu portavoz, e dos deputados Paula Prado del Río, José Manuel Rey Varela, Marisol Díaz Mouteira, Alberto Pazos Couñago, María Felisa Rodríguez Carrera, Ana Belén García Vidal e Noelia Pérez López solicita a retirada dos documentos con número de rexistro 39877 e 39878

Santiago de Compostela, 6 de setembro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 06/09/2022 17:25:41

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Paula Prado del Río na data 06/09/2022 17:25:52

José Manuel Rey Varela na data 06/09/2022 17:26:40

María Sol Díaz Mouteira na data 06/09/2022 17:26:49

María Felisa Rodríguez Carrera na data 06/09/2022 17:27:15

Ana Belén García Vidal na data 06/09/2022 17:27:26

José Alberto Pazos Couñago na data 06/09/2022 17:27:59

Noelia Pérez López na data 06/09/2022 17:28:13

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)





Solicítolle, consonte o disposto no artigo 143 do Regulamento da Cámara, a comparecencia a petición propia -ante a Comisión 3ª Economía, Facenda e Orzamentos" da directora da Axencia Tributaria de Galicia para "dar conta do informe da actividade levada a cabo por esta dirección ao longo do ano 2021".

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr/a. presidente/a da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/09/2022 13:20:26
Nº Rexistro: 40494
Data envío: 07/09/2022 13:20:26.965

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 07/09/2022 13:20:11

CSV: BOPGDSPG-0jpzQYC70-8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Solicítolle, consonte o disposto no artigo 143 do Regulamento da Cámara, a comparecencia a petición propia -ante a Comisión 6ª, Industria Enerxía Comercio e Turismo, do director do Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE) para informar sobre **a Axenda Financeira**.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr/a. presidente/a da Comisión 6ª - Industria Enerxía Comercio e Turismo



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/09/2022 10:21:37
Nº Rexistro: 40654
Data envío: 12/09/2022 10:21:37.199

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 12/09/2022 10:21:27

CSV: BOPGDSPG-0jpzQYC70-8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores e Iria Carreira Pazos, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre a política do Goberno da Xunta de Galiza en relación coas familias monoparentais.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde o ano 2010 o Partido Popular na Xunta de Galiza vén anunciando a creación dun Rexistro de familias monoparentais. Porén, máis dunha década despois este rexistro aínda non existe e está en proceso de elaboración (formulación de achegas vía web) o decreto que debe regulalo.

As familias monoparentais, tanto por causas sobrevidas como por libre decisión, representan un modelo de fogar crecente no noso país e no mundo froito das mudanzas sociais que se produciron nas últimas décadas. Segundo os datos da propia Xunta supoñen no noso país arredor de 42.000.

A inmensa maioría das familias monoparentais tanto en Galiza como no conxunto do Estado español está encabezadas por mulleres, o 80%, e padecen taxas de precariedade, pobreza e risco de exclusión superiores ao do conxunto da poboación. Así, de acordo cos datos da Rede galega contra a pobreza (EAPN-Galiza) previos á pandemia provocada pola Covid-19, o 46,8% das familias monoparentais atopábanse en situación ou risco de exclusión social. Tendo en conta o impacto que tivo a crise sanitaria sobre o conxunto das traballadoras galegas, é máis que evidente que esta situación empeorou.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Nos últimos meses varias mulleres que encabezan familias monoparentais por libre decisión gañaron xudicialmente o recoñecemento dos seus dereitos laborais, concretamente a gozar do permiso de maternidade ampliado para aproximar a súa situación á duha familia biparental. Situacións coma esta evidencian que é necesario impulsar mudanzas lexislativas e que Galiza vai tarde a respecto doutros territorios da nosa contorna como Navarra e Catalunya que contan con senllas leis de recoñecemento e acreditación da monoparentalidade ou Aragón, Valencia e Cantabria que contan con ordes e decretos semellantes.

Por todo o exposto formúlase a seguinte interpelación:

- Cando vai aprobar a Xunta de Galiza o decreto que regula e acredita a condición de familia monoparental?
- Que definición recollerá a Xunta de familia monoparental?
- Que medidas prevé incorporar de apoio e de prevención e loita contra a pobreza?
- Cando se creará o Rexistro de familias monoparentais?

Santiago de Compostela, 2 de setembro de 2022

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Montserrat Prado Cores

Iria Carreira Pazos

Deputadas do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 02/09/2022 11:21:53

María Montserrat Prado Cores na data 02/09/2022 11:21:57

Iria Carreira Pazos na data 02/09/2022 11:22:05



Á Mesa do Parlamento

Carmen Rodríguez Dacosta e Martín Seco García, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

En xuño de 2022 era anunciado polo conselleiro de Medio Rural melloras na organización e coordinación do dispositivo antiincendios ao crearse un Sistema Estrutural de Mando Operativo (SEMOP) para mellorar a seguridade e a eficacia das operacións en incendios de complexidade avanzada.

Os medios humanos e materiais mantéñense, en liñas xerais, en valores semellantes aos das últimas campañas, cun operativo de máis de 7.000 persoas, contabilizando tanto as persoas profesionais propias da Xunta de Galicia como os/as adscritos/as a outras administracións, cando no anexo II do Pladiga 2022, fala de 5394 persoas (2149 concellos, parques comarcais e municipais, 59 do Estado e 3186 da Xunta de Galicia).

Tamén subliñaba a ampliación da Rede de vídeo vixilancia forestal, con seis novas cámaras dispoñibles en tres novas localizacións.

Asemade, indicaba que o Plan de prevención posto en marcha contemplaba unha inversión de 33,1 millóns de euros para actuar en preto de 58.600 hectáreas e en 5.780 quilómetros de pistas e outras vías. Tamén se prevía a construción de 111 novos puntos de auga e o acondicionamento dos 4.750 xa existentes, entre outras medidas.

Contrariamente ao anunciado pola Xunta de Galicia, os e as profesionais que este verán loitaban contra o lume falaban de descontrol e colapso, mencionar a título de exemplo unha das publicacións de xullo do presente ano e que reproduzo de forma textual:

DOCE HORAS "SEN FACER NADA

"Eu estiven doce horas dando voltas, sen facer nada. Antes en 12 horas apagabamos dous lumes e agora pois vas dun lado para outro sen facer nada pola desorganización que hai", di o bombeiro. De feito, corrobora o que xa



sinalaron outros compañeiros. Mandan aos incendios medios de toda Galicia que descoñecen estradas e camiños. *"Non saben por onde andan. Hai brigadas que chegan a puntos que non fan falla, mentres que son necesarios noutros"*, asegura aludindo a descoordinación que existe.

"Todo é un desastre. Ata o lume mete medo e arde moito. Cambiaron os lumes tamén. Hai 20 anos era o lume máis pequeno e o dispositivo máis organizado e agora o lume é máis grande e o dispositivo máis desorganizado", critica o bombeiro ourensán.

Tamén, bombeiro forestal condutor de motobomba e vogalde ATRIFOGA, di que "fisicamente non podes máis". "Ademais, cando o dispositivo colapsa e hai descontrol é bastante difícil xestionar o avituallamento... Hai sitios onde non se está dando por descoordinación e porque o sistema está colapsado", ademais, están exhaustos. Teñen oito horas de traballo prolongables a 12 en caso de incendio, pero agora mesmo hai xente que está traballando ata 16 horas no lume. "Iso non se pode tolerar porque o corpo non pode máis unha vez que chega ás doce horas de traballo nun incendio", asegura.

Por iso insiste na "profesionalización" dun sector que só traballa seis meses ao ano e mellorar o sistema de vixilancia. A Xunta de Feijóo fixo nos últimos anos un programa bastante importante no que despregou unha chea de cámaras de vixilancia, pero pechou moitas casetas e agora eles dependen moito da xente que dea avisos e lles facilite información".

O Goberno galego debe dar resposta a estas afirmacións que tachan de descontrol e descoordinación no operativo antiincendios.

Organizacións sindicais sinalaban que nas brigadas contra incendios non se cobren baixas, nin vacacións nin incapacidades, co que os cadros de persoal están moi mermadas e algunhas funcionan con so dous ou tres compoñentes, co que resulta moi difícil o traballo de extinción de incendios na nosa comunidade.



Polo exposto, a deputada e o deputado que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Que valoración realiza o Goberno galego das acusacións realizadas na que se afirma que o servizo de loita contra incendios este verán estaba colapsado, producíndose situacións de descontrol e descoordinación?
2. Cales foron as razóns de que o operativo antiincendios non estivera ao cen por cen cuberto ao inicio do período de alto risco?
3. Cales son as razóns de que as brigadas, en moitas ocasións, saíran os incendios con dous ou tres compoñentes?
4. En cantos distritos forestais se fixeron xornadas formativas sobre o novo sistema estrutural de mando operativo (SEMOP) e a quen foi dirixido?
5. Cantas horas durou cada xornada?
6. Por que na memoria do Pladiga non se fai un apartado específico que estableza e comente como se van facer as comunicacións no SEMOP segundo os diferentes niveis de ataque (inicial, ampliado, con ou sen xefe de planificación)?
7. No cronograma do SEMOP que aparece no anexo 12.3 do Pladiga cando falan de brigadas, van a especificar unicamente o número ou van a sinalar de cada brigada cantos bombeiros a forman?
8. En que caso teñen pensado que sexa a mesma persoa o Director Técnico de Extinción (DTE) e o Xefe de Operacións aéreas (XOA)?
9. Cando interveña no novo dispositivo do SEMOP unha unidade de apoio operativa, formada por un axente, dúas brigadas e un vehículo motobomba, como actuará no sector ou sectores que o equipo de recepción de medios lle asigne?
10. Da inversión anunciada de 30 millóns, que cantidade se executou ata o momento con especificación das obras realizadas distribuídas por municipios?

Pazo do Parlamento, 2 de setembro do 2022





Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 02/09/2022 13:28:22

Martín Seco García na data 02/09/2022 13:28:36



Á Mesa do Parlamento

Pablo Arangüena Fernández, Carmen Rodríguez Dacosta, Martín Seco García e Paloma Castro Rey, deputados e deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte interpelación.

Este verán tivo lugar un gran número de incendios en Galicia, moitos dos cales afectaron de forma especial a espazos naturais con distintas figuras de protección ambiental. Así, por exemplo, houbo incendios moi importantes en espazos tan senlleiros e valiosos como O Courel e as inmediacións de Pena Trevinca (Rede Natura 2000), e os parques naturais do Invernadoiro, Serra de Enciña da Lastra e Xurés.

Eses incendios, ademais de afectar a propiedades particulares como calquera outro, tiveron unha especial incidencia no medio natural na medida en que afectaron a zonas dun elevado valor ecolóxico nunha comunidade que ten con gran diferenza a rede de espazos protexidos máis pequena de España desde o punto de vista da superficie protexida.

Por iso, os deputados e as deputadas que asinan, interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

- 1ª) Que medidas vai adoptar o Goberno galego para evitar que se repitan os incendios que afectaron este verán a espazos naturais protexidos e para restaurar as zonas afectadas?
- 2ª) Como valora o Goberno galego o impacto dos incendios que afectaron este verán a espazos naturais protexidos en Galicia?
- 3ª) Cal foi a superficie afectada polos incendios que afectaron este verán a espazos naturais protexidos en Galicia?
- 4ª) Cal foi o orzamento que dedicou o Goberno galego a previr incendios nos espazos naturais de Galicia nos últimos 5 anos?
- 5ª) Que medidas levou a cabo o Goberno galego para previr incendios nos espazos naturais de Galicia nos últimos 5 anos?

Pazo do Parlamento, 1 de setembro de 2022





Asinado dixitalmente por:

Pablo Arangüena Fernández na data 01/09/2022 17:15:14

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 01/09/2022 17:15:34

Martín Seco García na data 01/09/2022 17:15:48

Paloma Castro Rey na data 01/09/2022 17:16:06





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres e Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1. O pasado mes de xullo a FEGAMP enviou un documento á Xunta titulado “Retos autonómicos para a mellora dos servizos públicos locais” que inclúe propostas a respecto dos seguintes ámbitos

-Comisión e grupos de traballo bilaterais sobre Financiamento e ámbito competencial, Comisión Galega de Cooperación Local, Servizos Sociais

-Financiamento e Pacto Local: Lei autonómica de participación nos ingresos da comunidade autónoma; asunción de servizos e obrigas económicas que sufragan os concellos sen ser da súa competencia, fondo específico de equilibrio territorial, fondo de compensación interterritorial, fondo específico sobre a totalidade dos custos das escolas infantís, fondos europeos Next Generation

-Mellora na xestión dos servizos: infraestruturas de telecomunicacións, modificación do decreto de socorristas, ciclo da auga, biorresiduos.

2. Nun contexto de crise económica e de incremento dos prezos, os concellos galegos demandan un cambio na relación coa administración





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

autonómica, unha clara delimitación das competencias, unha regulamentación do financiamento local e unha maior atención nos orzamentos do ano 2023. Para iso é necesario reactivar o Pacto Local, a Comisión Galega de Cooperación Local e os grupos de traballo creados en diferentes materias.

Por todo isto fórmase a seguinte interpelación:

-Que previsións ten a Xunta a respecto do desenvolvemento e cumprimento do Pacto Local Galego?

-Que previsións ten o goberno galego a respecto das demandas trasladadas pola FEGAMP para a reactivación da Comisión Galega de Cooperación Local e dos grupos de traballo?

-Ten previsto a Xunta aprobar unha lei de participación nos ingresos da comunidade autónoma dos concellos galegos, consensuada coa FEGAMP, na que se clarifique a participación anual e os criterios de reparto, e a progresiva integración no Fondo de Cooperación Local das axudas e subvencións anuais que a comunidade autónoma destina ás entidades locais?

-Cando ten previsto o goberno galego asumir os servizos e obrigas económicas de subministros, mantemento e reparación dos centros de ensino infantil e primario, conservatorios profesionais de música, unidades municipais de asistencia a drogodependencias, centros de saúde e xulgados de paz?

-Que previsións ten a Xunta a respecto do Fondo Específico para os concellos, destinado ao equilibrio territorial?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Que previsións ten o goberno galego en relación coa asunción da totalidade dos custos das escolas infantis municipais?

Santiago de Compostela, 5 de setembro de 2022

Asdo.: **Luis Bará Torres**
Iago Tabarés Pérez-Piñeiro
Deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 05/09/2022 12:53:17

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 05/09/2022 12:53:29





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Manuel Lourenzo Sobral, Daniel Castro García e Mercedes Queixas Zas, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre a compatibilidade do Proxecto E-Dixgal e o fondo solidario de libros de texto.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 18 de maio de 2022 publicouse a ORDE do 29 de abril de 2022 pola que se regula a participación no fondo solidario de libros de texto e se convocan axudas para adquirir libros de texto e material escolar destinadas ao alumnado matriculado en educación primaria, educación secundaria obrigatoria e educación especial en centros docentes sostidos con fondos públicos para o curso escolar 2022/23.

Nesta orde establécense as circunstancias para participar no fondo solidario de libros de texto. Dende o momento da súa supresión, no BNG vimos reclamando a volta a gratuidade universal dos libros de texto por ser unha medida, alén de máis económica, máis beneficiosa para as familias.

Pero, a pesar disto, o contemplado na orde que regula o fondo solidario de libros de texto da Xunta, achega novos problemas para un curso escolar marcada por unha inflación sen precedentes que se traduce nunhas dificultades





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

económicas para unhas familias que están xa ao límite coa crise de prezos que padecemos.

No artigo 1.3 desta orde establécese o seguinte: O alumnado matriculado nos centros e cursos incluídos no proxecto educación dixital (E-DIXGAL) no curso 2022/23 está excluído da participación no fondo solidario de libros de texto e das axudas para adquirir libros de texto.

Trátase dunha medida a todas luces inxusta xa o que o que está a acontecer en moitos centros é que as materias que participan do proxecto E-DIXGAL son materias nas que xa non se viñan empregando libros de texto e, polo tanto, as familias teñen que seguir facendo fronte aos gastos de libros de texto na maioría das materias, co gasto que iso implica.

Con esta situación está a darse un paradoxo en moitos centros como o de que a Xunta forneza de ordenadores a familias que xa teñen e non os precisan e á súa vez negue libros de texto a familias que si os precisan.

Por todo isto formúlase a seguinte interpelación:

Cal é a valoración da Xunta de Galiza do funcionamento do fondo solidario de libros de texto?

Que medidas ten pensado adoptar a Consellaría de Educación para corrixir os problemas que xenera o apartado 1.3 da orde do 29 de abril de 2022 na que se regula a participación no fondo solidario de libros de texto no relativo a súa compatibilidade con E-DIXGAL?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ten pensado a Xunta de Galiza modificar a orde do 29 de abril de 2022 na que se regula a participación no fondo solidario de libros de texto para facer compatíbel a participación en E-DIXGAL coa participación no fondo solidario de libros de texto?

Santiago de Compostela, 6 de setembro de 2022

Asdo.: **Manuel Lourenzo Sobral**

Mercedes Queixas Zas

Daniel Castro García

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 06/09/2022 12:52:46

Mercedes Queixas Zas na data 06/09/2022 12:52:49

Daniel Castro García na data 06/09/2022 12:53:01





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández e Paulo Ríos Santomé, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre as medidas que debe impulsar a Xunta de Galiza diante das empresas concesionarias de transporte por estrada para garantir a equidade no custe das viaxes para o conxunto das galegas e galegos, especialmente a veciñanza de Lugo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nos últimos meses tanto o Goberno español como a Xunta de Galiza adoptaron medidas tendentes a reducir o prezo do transporte público, tanto tren como autobús, fronte á crise de prezos que atinxe o conxunto da poboación.

Neste senso e de maneira concreta, o Goberno galego aplicou unha minoración adicional e temporal nas tarifas bonificadas de aplicación no transporte público interurbano da competencia da Xunta o que supón unha bonificación do 50% nas liñas de autobús a través dos títulos multiviaxe. Pola súa banda e para facer fronte á rebaixa nos servizos ferroviarios de proximidade e media distancia aprobada polo Goberno español, algunhas compañías de autobuses decidiron aplicar os seus propios descontos mais apenas sobre algúns dos servizos.

Desta maneira e para exemplificar, mentres viaxar en bus entre Vigo e A Coruña terá un custe de 64 céntimos, o traxecto entre Lugo e Compostela (operado pola mesma empresa) será de case 5 euros (aplicando o desconto da Xunta sobre o custe dun billete sinxelo) o que supón un agravio comparativo cunha veciñanza que xa soporta un histórico déficit en materia de mobilidade e infraestruturas.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Temos que lembrar que Lugo leva décadas reclamando un tren do século XXI que non dá chegado (aínda se está a proceder á electrificación dunha parte da vía) e máis de vinte anos de agarda por unha autovía que conecte a cidade coa capital de Galiza, por apenas dous exemplos.

Desde o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego valoramos positivamente as medidas anunciadas para reducir o custe do billete de bus e de tren debe procurarse a equidade para o conxunto do territorio e non agravar a veciñanza e localidades que xa padecemos un déficit de infraestruturas que lastra as nosas oportunidades económicas e sociais.

Por todo isto formúlase a seguinte interperlación:

Que medidas vai adoptar a Xunta de Galiza para garantir a equidade no custe das viaxes para o conxunto das galegas e galegos?

Santiago de Compostela, 6 de setembro de 2022

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Paulo Ríos Santomé

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Paulo Ríos Santomé na data 06/09/2022 13:46:26





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/09/2022 13:47:12
Nº Rexistro: 40407
Data envío: 06/09/2022 13:47:12.765

Olalla Rodil Fernández na data 06/09/2022 13:46:30



Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela e Patricia Otero Rodríguez, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

É un feito obvio e perfectamente coñecido que a produción marisqueira da ría de Arousa, a mellor do mundo neste aspecto, vén amosando un descenso demoledor na última década e acentúase nos últimos anos. Neste 2022 varios conxuntos de colectivos dependentes da actividade marisqueira (confrarías, mariscadoras, bateeiros e grupos ecoloxistas) alertaron dunha baixada xeral en todas as especies, que pode superar o 70 % nalgúñas delas como ameixa ou berberecho.

Ante este escenario, os colectivos dependentes do mar demandaron medidas de rexeneración da ría e o afrontamento serio e decidido por parte do Goberno de Galicia, a través da Consellería do Mar, para estudar con profundidade e ser quen de saber o que realmente está a ocorrer. Durante os últimos anos estes colectivos veñen apuntando á necesidade de rexenerar os espazos de marisqueo, proponendo dragaxes da ría para solucionar os problemas derivados da acumulación de area na saída do río e modificar as correntes que prexudican ás especies.

Máis alá destas propostas, non existen tampouco explicacións nítidas por parte da Consellería do Mar que permitan ter unha posición de referencia para coñecer as medidas necesarias e poder afrontar solucións con garantías. O Parlamento de Galicia ten sido sede de numerosos debates a preguntas e propostas da oposición sobre estas cuestións, nos que o Goberno manifesta a súa percepción de satisfactorio rendemento das rías galegas e, especialmente, no caso da ría da Arousa. Esta inconsistencia entre o que apunta o sector dependente do marisqueo e o Goberno de Galicia dificulta a posibilidade de encarar as necesidades para a mellora dunha produción que hoxe sitúase en niveis que poñen en perigo a continuidade da actividade.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Que razóns considera determinantes o goberno de Galicia para explicar a baixada de produción marisqueira da ría de Arousa?



2. Considera o Goberno de Galicia aceptable a baixada detectada nesta produción no ano 2022?
3. Ten previsto o Goberno de Galicia realizar un estudo profundo sobre as causas desta caída da produción marisqueira?
4. Valora o Goberno de Galicia afrontar un Plan de Recuperación da Produción Marisqueira da ría de Arousa?

Pazo do Parlamento, 7 de setembro do 2022

Asdo.: Julio Torrado Quintela

Patricia Otero Rodríguez

Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 07/09/2022 11:21:09

Patricia Otero Rodríguez na data 07/09/2022 11:21:21



Á Mesa do Parlamento

Noelia Otero Lago e Noa Díaz Varela, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

O presidente do PP, Alberto Núñez Feijóo vén de reclamar ao Goberno do Estado a ampliación do fondo estatal para a axuda na compra de libros de texto ata os 100 millóns. Un suposto interese polas familias que afrontan un difícil inicio de curso que choca de maneira frontal coas políticas que vén aplicando o PP ao fronte da Xunta de Galicia nestes últimos anos. Cómpre lembrar, que no ano 2009 coa chegada do señor Feijóo á Presidencia da Xunta de Galicia decidiu acabar co sistema de préstamo universal de libros de texto que viña funcionando tras ser implantado polo goberno presidido polo socialista Emilio Pérez Touriño.

Dende aquela e tal e como o PSdeG vén denunciando de xeito incansable, as familias galegas padecen un sistema de axudas parciais aplicado polo PP ineficaz e insuficiente e rexeitado tamén por ANPA, sindicatos e comunidade educativa e que nestes anos mesmo obrigou xunto á colaboración dos concellos a organizar e achegar fondos ao banco solidario para tratar de aumentar os préstamos e compensar o desleixo da Xunta de Galicia estes anos coas familias. Nun contexto económico especialmente delicado, o PSdeG insiste na súa demanda de recuperar de inmediato a gratuidade universal dos libros de texto necesarios para este novo curso que se inicia.

Resulta inaceptable a hipocrisía constante do PP neste contexto de crise de reclamar máis fondos ao Estado cando na nosa comunidade e contando coas competencias o PPdeG ao fronte da Xunta de Galicia mantén un sistema inxusto que non é eficiente economicamente e que por enriba de todo non cubre as necesidades da totalidade das familias galegas.

A educación é un dereito básico e tal e como recolle a Constitución “*gratuito*” pero en Galicia esta máxima non é unha realidade cando o gasto en libros e material supón un esforzo económico elevadísimo e en moitos casos inasimilable.



Por todo o exposto, as deputadas que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

Considera que o sistema de axudas actual que veñen mantendo dende o ano 2009 cubre as necesidades das familias galegas en canto a adquisición de libros de texto e material?

Pazo do Parlamento, 7 de setembro do 2022

Asdo.: Noelia Otero Lago

Noa Díaz Varela

Deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noelia Otero Lago na data 07/09/2022 11:17:29

Noa Susana Díaz Varela na data 07/09/2022 11:17:37





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández, Montserrat Prado Cores, Carme González Iglesias e Daniel Castro García, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Apenas transcorridos uns días da estabilización dos graves lumes que o pasado mes de agosto queimaran máis de 2.200 hectáreas, segundo datos oficiais, na comarca da Barbanza, os e as representantes das distintas confrarías e agrupacións de mariscadoras do norte da ría de Arousa fixeron público o seu temor polas posíbeis consecuencias dos mesmos sobre a ría e os bancos marisqueiros se se producían choivas.

Esta preocupación, xunto con outras demandas, foi trasladada directamente ao conselleiro de Medio Rural por parte dos alcaldes da Mancomunidade de Concellos de Arousa Norte nunha reunión mantida o 17 de agosto.

Ao tempo, fíxose público que Augas de Galiza traballaba xa na inspección de distintos puntos afectados en coordinación coa Consellería de Medio Rural a través do Centro de Investigacións Forestais de Lourizán, para tratar de previr posíbeis arrastres de cinzas ás canles fluviais e coñecíase que se estaban a deseñar barreiras de contención aproveitando a propia madeira existente nas ribeiras dos cauces fluviais afectados e que se procedería á instalación de pacas de palla seca no terreo máis erosionado e “nos puntos máis sensíbeis”.

Os técnicos dese Centro de Investigación que estiveron presentes na reunión entre o conselleiro de Medio Rural e os alcaldes de Arousa Norte, puxeron de manifesto





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

que a afectación dos solos era “baixa e só moderada nalgúns puntos concretos” e que se estaban a avaliar medidas paliativas, a maiores das que xa se estaban a executar de xeito urxente. E mesmo o propio conselleiro asegurou que estaban “a estudar todas as medidas a levar a cabo para evitar problemas nos bancos marisqueiros”.

Finalmente, as choivas dos últimos días confirmaron os peores presaxios e os restos dos incendios chegaron xa á ría de Arousa a través, principalmente, dos ríos Pedras, na Pobra do Caramiñal, e Coroño, en Boiro.

Nestes momentos aínda non se coñece o verdadeiro alcance deses arrastres nin os danos exactos dos mesmos na ría e nos bancos marisqueiros, mais a preocupación aumenta pola previsión de que continúen as choivas.

Segundo vén de transcender no día de hoxe, as primeiras avaliacións evidencian -máis unha vez- as contradicións entre as versións da Xunta de Galiza e o propio sector do mar. A primeira, achaca a turbidez da auga á terra e sedimentos arrastrados coas choivas e, o segundo, ás cinzas.

Nun caso ou noutro, aínda sen teren rematado as choivas e malia ás informacións oficiais, de novo volven xurdir dúbidas sobre a actuación da Xunta de Galiza no que se refire ás medidas de prevención de arrastre de cinzas aos cauces fluviais e á ría de Arousa.

Por todo isto formúlase a seguinte interpelación:

- Que valoración fai a Xunta de Galiza das consecuencias do arrastre de cinzas, terra, sedimentos, ou outros materiais aos cauces fluviais afectados polos lumes do mes de agosto, como os acaecidos na comarca da Barbanza, e o seu efecto nos bancos marisqueiros?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Que medidas de contención se levaron a cabo para tratar de evitar os arrastres de cinzas?
- En que puntos da serra da Barbanza se aplicaron exactamente?
- Considera o Goberno galego que foron as suficientes?
- Ten previsto poñer en marcha medidas económicas que palíen as posíbeis perdas do sector do mar na ría de Arousa como consecuencias dos lumes do mes de agosto e os arrastres das choivas dos últimos días?

Santiago de Compostela, 7 de setembro de 2022

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

Montserrat Prado Cores

Carme González Iglesias

Daniel Castro García

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María do Carme González Iglesias na data 07/09/2022 11:47:08

Daniel Castro García na data 07/09/2022 11:47:11

María Montserrat Prado Cores na data 07/09/2022 11:47:19





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Rosana Pérez Fernández na data 07/09/2022 11:47:28



Á Mesa do Parlamento

Noelia Otero Lago, Noa Díaz Varela, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

A iniciativa de pintar coas bandeiras arco da vella os letreiros de entrada na cidade de Santiago de Compostela púxose en marcha no mes de xuño para mostrar á cidade como un espazo libre de LGTBIQfobia, medida apoiada no Pleno municipal por todos os grupos con representación: PSOE, PP, BNG e Compostela Aberta.

En canto se levou á práctica primeiro apareceu vandalizado e pintado de vermello e amarelo un dos letreiros co nome de Santiago na entrada á cidade no barrio de San Lázaro, e pouco máis dun mes despois repetiuse o episodio no acceso á capital galega a través do barrio de Santa Marta.

Estes exemplos amosan a lamentable persistencia de actitudes e manifestacións LGTBIfóbicas nas nosas rúas. Afortunadamente neste caso falamos de danos materiais e non humanos, pero cómpre lembrar que nos últimos meses deste ano son moitos os episodios de agresións denunciados arredor de todo o país.

Exemplos como o acontecido o domingo día 1 de maio pola noite cando un mozo denunciou ter sido golpeado e acosado ao berro de “maricón de merda” en Ribadavia á saída dun local. Poucos días antes na cidade de Ourense foron outras dúas as agresións homófobas denunciadas, o 8 de abril un grupo de música valenciano denunciou o 8 de abril nas súas redes sociais a agresión sufrida por un dos seus integrantes, ao que aseguran rompéronlle o nariz e deixaron inconsciente e poucos días despois, outro mozo á saída dunha discoteca na rúa Arturo Pérez Serantes foi agredido noutro incidente con tintes homófobos e que precisou de atención médica e foi denunciado ante a Policía Nacional. Tamén na cidade de Vigo a Policía Nacional de Vigo abriu investigación por outro presunto ataque homófobo sufrido durante a Semana Santa a dous mozos de 22 e 23 anos cando se estaban a bicar nun banco da Praza de Portugal na contorna de Churruca.

Neste contexto, este grupo parlamentario volve a insistir na necesidade de que a Xunta de Galicia desenvolva todas as ferramentas a súa disposición para loitar contra a LGTBIfobia e avanzar na igualdade e a non discriminación das persoas LGTBI na nosa comunidade.



As agresións LGTBIfóbicas non deixan de aumentar no conxunto do Estado e tamén en Galicia. Os datos dos observatorios contra a homofobia en Madrid, Cataluña ou no da Coruña, ante a falta de actividade e datos do Observatorio galego, reflicten tamén un aumento do número de incidentes e todo indica que se trata dunha constante en toda a nosa xeografía, sen excepción. Estas actitudes violentas, que causan un gran sufrimento ás vítimas e que, en moitos casos, nin se chegan a denunciar, están alentadas e precedidas polos discursos de odio, especialmente cando estes institucionalízanse ou normalizan no ámbito público.

Entre as medidas trasladadas temos solicitado en diversas iniciativas que dotasen de contido e actividade ao Observatorio Galego contra a Discriminación aprobado no 2018 e que non tivo apenas actividade, este ano unicamente unha xuntanza a finais do mes de xuño. Tamén temos solicitado que desenvolvan a Lei 2/2014, do 14 de abril, aumentar a dotación orzamentaria na actualidade raquíutica para soste aos colectivos que traballan pola igualdade e a non discriminación das persoas LGTBI, pero lamentablemente todas elas contan co muro do voto en contra do Grupo Popular. Cómpre pasar das boas palabras aos feitos.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Que valoración fai o Goberno galego do goteo constante de casos e agresións de odio contra as persoas ou manifestacións de igualdade LGTBI na nosa comunidade?
2. Que ten feito estes meses para paliar o aumento destes delitos e actitudes LGTBIfóbicas na comunidade?
3. Teñen pensado aumentar o investimento económico para os colectivos que traballan pola igualdade LGTBI nos vindeiros orzamentos 2023?
4. Considera satisfactorio organizar unha sola xuntanza do Observatorio galego en todo o que levamos de ano?

Pazo do Parlamento, 7 de setembro do 2022





Asinado dixitalmente por:

Noelia Otero Lago na data 07/09/2022 13:52:30

Noa Susana Díaz Varela na data 07/09/2022 13:52:41

Julio Torrado Quintela na data 07/09/2022 13:52:54

Marina Ortega Otero na data 07/09/2022 13:53:04





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, Carmen Aira Díaz e Maria González Albert, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Real Decreto 428/2022 polo que se establecen as bases reguladoras para a concesión directa de axudas excepcionais de adaptación para compensar as dificultades económicas derivadas da guerra de Ucraína en determinados sectores agrarios, constitúe a proba manifesta do descoñecemento da realidade do noso agro e das características e singularidades do noso tecido produtivo baseado en pequenas granxas familiares de produción de carne en réxime extensivo, tanto de vacún como de ovino e cabrún.

A orde pola que se estableceron as bases reguladoras para a concesión directa dunha axuda excepcional de adaptación para compensar as dificultades económicas derivadas do conflito bélico na Ucraína en determinados sectores agrarios, constitúe un compendio de erros e discriminacións do vacún, ovino e cabrún de Galicia, xa que a meirande parte das granxas afectadas son pequenas e medianas, cunha orientación produtiva mixta, na que se combina a cría de becerros co mantemento das vacas nutrices na granxa.

Excluír o cobro da axuda polos becerros e recoñecer só o cobro polas nais é unha maneira de penalizar un xeito de vida sostible dende un punto de vista ambiental, social e económico que só conduce ao empeoramento da situación de abandono do medio rural. É unha mostra máis de que o Ministerio de Agricultura non ten en conta a





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

realidade das granxas de vacún no norte peninsular, e en especial as galegas. É fundamente preocupante o presunto descoñecemento do sector que semella ter o Ministerio, que considera o cebo de tenreiros neste tipo de granxas como unha actividade complementaria á da vaca nodriza.

Vexamos:

RD 428/2022 de 7 de xuño

Artículo 3. Beneficiarios.

1. Serán beneficiarios de esta ayuda los productores de vacuno de carne y los productores de ovino y caprino de carne que:

a) Hayan presentado en el año 2022 la solicitud única prevista en el Real Decreto 1075/2014, de 19 de diciembre.

b) Sean titulares, a fecha de presentación de la solicitud única correspondiente al año 2022, de explotaciones inscritas y que consten en alta en el Registro general de explotaciones ganaderas (REGA) con el tipo de explotación «Producción y reproducción» o tipo «Pasto». En el primer caso a nivel subexplotación deberán estar clasificadas como explotaciones de bovino, ovino o caprino con una clasificación zootécnica de «reproducción para producción de carne» o «reproducción para producción mixta» o explotaciones de bovino con una clasificación de «cebo o cebadero».

c) En el caso de ser productores de ovino y caprino, no cuenten con declaraciones de entregas o de ventas directas registradas en el Sistema Unificado de Información Láctea (INFOLAC) durante el año 2021 para la especie objeto de ayuda.

d) Hayan solicitado en el año 2021, y cuenten con animales determinados para percibirla, alguna ayuda asociada de las previstas en la sección 2.ª, en las líneas



c) y d) del apartado 3 del artículo 63 de la sección 3.ª y en las secciones 5.ª, 6.ª, 8.ª y 9.ª todas ellas del capítulo II del título IV del Real Decreto 1075/2014, de 19 de diciembre.

Nesta liña d) referida aos produtores e produtoras que perciben pagos directos da PAC soamente se inclúen os contemplados nas liñas c) e máis d) do apartado 3 do artigo 63 da sección 3ª do Real Decreto 1075/2014 de 19 de decembro que regula estes pagos quedando por tanto excluídos os das liñas a) e b).

-Quen son logo os produtores e produtoras contemplados nas liñas a) e máis b) do apartado 3 do artigo 63 da sección 3ª do Real Decreto 1075/2014 de 19 de decembro que por omisión quedan excluídos?

Real Decreto 1075/2014 de pagos directos da PAC:

Sección 3.ª Ayuda asociada para las explotaciones de vacuno de cebo

Artículo 63. Objeto, ámbito de aplicación y dotación presupuestaria.

1. Se concederá una ayuda asociada a los titulares de explotaciones dedicadas a la actividad de cebo de ganado vacuno al objeto de garantizar la viabilidad económica de estas explotaciones.

2. La dotación presupuestaria total que se destinará cada año a esta medida será la que se recoge para cada línea de ayuda en el anexo II de este real decreto, y se empleará anualmente teniendo en cuenta lo establecido en el artículo 59.

3. Dentro de esta ayuda asociada se establecen las siguientes líneas de ayuda:

a) terneros cebados en la misma explotación de nacimiento o en cebaderos comunitarios gestionados por productores de vaca nodriza en la región España peninsular.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

b) terneros cebados en la misma explotación de nacimiento o en cebaderos comunitarios gestionados por productores de vaca nodriza en la región insular.

c) terneros cebados procedentes de otra explotación en la región peninsular.

d) terneros cebados procedentes de otra explotación en la región insular.

E velaí como deste xeito tan sutil exclúen das axudas ós becerros de carne das explotación extensivas de cebo tradicional.

E velaí tamén coma unha vez máis todas as directrices comunitarias referentes á especial protección, dinamización e apoio ás pequenas e medianas explotacións familiares, á gandería extensiva, á xestión do territorio, á fixación de poboación, á prevención dos lumes, á sustentabilidade da actividade gandeira... todo iso queda en nada e tradúcese nun intencionado apoio aos cebadoiros e á gandería intensiva de corte industrial.

Dentro da IXP “Ternera Gallega” temos arredor de 8.000 granxas que ceban os seus propios xatos, e que por unha interpretación totalmente errónea por parte do Ministerio quedan fóra desta axuda. Esixímoslle ó Ministerio de Agricultura que de xeito inmediato corrixa o artigo 3 do RD 428/2022, e inclúa como beneficiarios da axuda por vacún de cebo os tenreiros nados na propia explotación como se recolle nos puntos a) e b) do artigo 63 da lexislación da PAC, eliminados durante a redacción do RD428/2022”.

Por todo isto formúlase a seguinte interpelación:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Que opinión lle merece ao goberno galego o RD 428/2022 de 7 de xuño que desenvolve o Plan Nacional de Resposta ás Consecuencias Económicas e sociais da guerra de Ucraína (RD-Lei 6/2022)?

-Que opina da exclusión dos tenreiros das explotacións extensivas de cebo tradicional?

Santiago de Compostela, 7 de setembro de 2022

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

Maria González Albert

Carmen Aira Díaz

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Rivas Cruz na data 07/09/2022 16:23:19

María del Carmen Aira Díaz na data 07/09/2022 16:23:31

María González Albert na data 07/09/2022 16:23:43



Á Mesa do Parlamento

Noelia Otero Lago e Noa Díaz Varela, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

Moitos son os motivos e os feitos que demostran que unha redución de alumnado na aula permite unha mellor atención individualizada e uns resultados positivos en canto ao rendemento escolar.

O preocupante descenso de natalidade e o consecuente descenso de matriculación de alumnado nalgúñas zonas do país no canto de ser acollido con políticas serias en materia demográfica ou no campo educativo para aproveitar e camiñar nesta aposta polos servizos de calidade unicamente está a servir de escusa na Consellería de Educación para suprimir servizos no rural, suprimir postos de traballo de docentes e en definitiva recortar investimento en recursos humanos e económicos no eido do ensino.

Sen ir máis lonxe, a Xunta de Galicia fixo oficial para este curso novos recortes de centros educativos como ven acontecendo sistematicamente nos últimos anos, desta volta en Fene, Vila de Cruces, Marín ou Vilagarcía.

Na última década asistimos ao peche de máis de duascientas escolas unitarias e estes anos vemos con preocupación como pechan centros de educación infantil e primaria e integra outros sen ter en conta as consecuencias para as veciñas e veciños das localidades e vilas afectadas.

Segundo os sindicatos o recorte de profesores e profesoras en Infantil e Primara neste curso situarase no centenar. Serán 96 docentes menos de educación infantil e primaria tras eliminar 32 unidades en infantil e 35 en primaria, segundo datos da Consellería publicados no Diario Oficial de Galicia. Unha vez máis para a Consellería de Educación priman unicamente os motivos económicos e amosan o constante desleixo co rural e co ensino público.



Por todo o exposto, as deputadas que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Cantas unidades educativas de infantil se teñen pechado en cada provincia galega desde o curso 20/21?
2. Cantas unidades educativas de infantil se teñen pechado en cada provincia galega desde o curso 20/21?
3. Cantos postos docentes haberá este curso en cada provincia galega e cantos había no curso 20/21?
4. Vai ter en conta a necesidade de non seguir camiñando na perda de servizos educativos no rural á hora de planificar a supresión e integración de unidades educativas?
5. Que valoración fai do recorte de unidades e profesores con respecto ao curso 2020/2021?
6. Vai o Goberno galego manter o recorte de profesorado que se establece na Resolución definitiva de adxudicación de destinos provisionais entre o persoal de corpos docentes para o curso académico 2022/2023?

Pazo do Parlamento, 7 de setembro do 2022

Asdo.: Noelia Otero Lago
Noa Díaz Varela
Deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noelia Otero Lago na data 07/09/2022 16:41:18

Noa Susana Díaz Varela na data 07/09/2022 16:41:26

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, Carmen Aira Díaz e Maria González Albert, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A 31 de agosto do presente ano, o presidente da Xunta de Galicia anunciou que o seu goberno vai mobilizar máis de 17millóns de euros en axudas directas ó sector da carne de Galicia diante a difícil situación que atravesa agravada pola guerra en Ucraína. Estas axudas son complementarias das comprometidas en xuño polo Ministerio cun montante de 11,8ME.

O RD 428/2022 polo que se establecen as bases reguladoras para a concesión directa de axudas excepcionais de adaptación para compensar as dificultades económicas derivadas da guerra de Ucraína en determinados sectores agrarios, constitúe a proba manifesta do descoñecemento da realidade do noso agro e das características e singularidades do noso tecido produtivo baseado en pequenas granxas familiares de produción de carne en réxime extensivo, tanto de vacún como de ovino e cabrún.

A orde pola que se estableceron as bases reguladoras para a concesión directa dunha axuda excepcional de adaptación para compensar as dificultades económicas derivadas do conflito bélico na Ucraína en determinados sectores agrarios, constitúe un compendio de erros e discriminacións do vacún, ovino e cabrún, xa que a meirande parte das granxas afectadas son pequenas e medianas, cunha orientación produtiva mixta, na que se combina a cría de becerros co mantemento das vacas nutrices na granxa.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Excluír o cobro da axuda polos becerros e recoñecer só o cobro polas nais é unha forma de penalizar un xeito de vida sostible dende un punto de vista ambiental, social e económico, que só conduce ao empeoramento da situación de abandono do medio rural. É unha mostra máis de que o Ministerio de Agricultura non ten en conta a realidade das granxas de vacún no norte peninsular, e en especial as galegas. É fondamente preocupante o presunto descoñecemento do sector que semella ter o Ministerio, que considera o cebo de tenreiros neste tipo de granxas como unha actividade complementaria á da vaca nodriza.

Dentro da IXP “Ternera Gallega” temos arredor de 8.000 granxas que ceban os seus propios xatos, e que por unha interpretación totalmente errónea por parte do Ministerio quedan fóra desta axuda. Esixímoslle no seu momento ó Ministerio de Agricultura que de xeito inmediato corrixa o artigo 3 do RD 428/2022, e inclúa como beneficiarios da axuda por vacún de cebo os tenreiros nados na propia explotación como se recolle nos puntos a) e b) do artigo 63 da lexislación da PAC, eliminados durante a redacción do RD428/2022”.

Se se aplicara correctamente o RD 428/2022, no caso do vacún de carne o 48% das granxas beneficiarias (4.732) serían as que dispoñen de menos de 10 vacas nutrices. Estamos pois, diante dun novo desvío de cartos públicos cara a agroindustria en detrimento das pequenas e medianas granxas.

Este desleixo a nivel estatal vese empeorado aínda máis por mor da mediocre dirección da Consellaría do Medio Rural da Xunta de Galicia, que está a publicar listaxes de persoas beneficiarias nas cales se detectan continuos erros, moi chamativos en cuestións como as persoas novas solicitantes PAC ou relevos xeracionais.

No caso do RD428/2022 outra vez temos este problema. Desta volta a Consellería de Medio Rural non elaborou as listaxes seguindo o criterio marcado polo RD, é dicir, 125 vacas nodrizas incluída a porcentaxe de xovencas previsto no





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

RD1075/2014; nin aplicaron a posibilidade de fixar un mínimo subvencionable, en especial para o ovino, e que deixa fóra a moitas granxas mixtas do país.

Unha gran parte das granxas do país son de carácter cárnico mixto -vacún, ovino, cabrún, cabalar, porcino...-, polo que a aplicación de normas estatais debería ser acorde a esta realidade galega. A utilización combinada destas especies proporciona un valor engadido no mantemento das superficies agrarias, nomeadamente nas zonas de montaña, polo que as granxas cárnicas mixtas “deberían ser un dos eixos a potenciar pola Administración galega, máis nestes días de intensos lumes en toda a nosa comunidade.

O sector gandeiro galego supón un 54% da produción final agraria (PFA) fronte ao 17,5% da media no estado español, segundo o anuario da agricultura familiar en España no 2020, o que nos dá unha idea da importancia do sector primario na nosa economía. Os cinco sub-sectores gandeiros máis importantes despois do lácteo son: o bovino de carne, o avícola, o porcino, o cunícola e o ovino e cabrún. Galiza aportou en 2.018 un 11% da produción de carne de vacún dentro do estado español.

Por todo isto formúlase a seguinte interpelación:

Pensa o goberno galego continuar coas políticas de axuda e protección dos cebadeiros e explotacións de carne industriais e discriminando as pequenas e medianas granxas sostibles en extensivo?

Santiago de Compostela, 7 de setembro de 2022

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Maria González Albert

Carmen Aira Díaz

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Aira Díaz na data 07/09/2022 18:33:57

María González Albert na data 07/09/2022 18:34:00

Xosé Luis Rivas Cruz na data 07/09/2022 18:34:12





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Manuel Lourenzo Sobral e Daniel Castro García, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre a posta en valor do patrimonio cultural galego a partir de recursos de desenvolvemento dixitais e tridimensionais.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Unha das caras principais da identidade galega é aquela que a visibiliza a partir do noso legado patrimonial histórico e arqueolóxico, desde a Prehistoria até a Idade Moderna, quer sexa este conservado e protexido, atendendo aos seus diferentes estados, quer sexa xa irrecuperábel ou desaparecido.

Nun e noutro caso é posíbel conservalo, recuperalo e resignificalo grazas ao traballo interdisciplinar de especialistas e expertos no seu estudo e investigación desde as diferentes áreas do coñecemento da historia, da ciencia e da tecnoloxía.

Mais, na actualidade, cómpre tamén procurar o retorno deste patrimonio cultural histórico ao tempo e á sociedade do presente.

É por iso que xa están en andamento proxectos de gran recoñecemento que están a fortalecer a nosa memoria patrimonial cunha nova memoria visual hiperrealística adaptada á linguaxe dixital do século XXI.

Deste xeito, o rigor histórico xunto ás tecnoloxías da información convértense nunha oportunidade óptima para educar e reencontrar a sociedade galega coa súa propia historia patrimonial como cultura milenaria e posicionarnos á par das outras culturas do mundo.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Na actualidade, o Centro Infográfico Avanzado de Galicia (CIAG) está a ser un bo exemplo deste obxectivo a través dunha metodoloxía de vasos comunicantes que converte en accesíbel a todos os públicos o coñecemento e posta en valor do patrimonio cultural galego, nomeadamente daquel do que xa apenas temos constancia física.

Esta recuperación da nosa memoria patrimonial permítenos acceder a un sector emerxente do punto de vista cultural e académico, mais tamén como polo económico, industrial, investigador e laboral ao redor do sector audiovisual, realidade aumentada, impresión 3D, videoxogos, etc.

No BNG acreditamos en que estamos ante unha liña de traballo pioneira e moi necesaria, que precisa e merece impulso desde un goberno galego que se recoñeza no alto valor do seu patrimonio histórico cultural nacional, como valor social e de coñecemento en si propio e tamén como valor de mercado turístico e divulgativo, de proxección internacional de Galiza como un referente cultural universal.

Por todo isto formúlase a seguinte interpelación:

Ten a Xunta algún proxecto planificado para a recuperación e posta en valor do noso patrimonio cultural a partir de diferentes recursos de desenvolvemento dixitais e tridimensionais que permitan reforzar o seu recoñecemento social?

Santiago de Compostela, 8 de setembro de 2022

Asdo.: Mercedes Queixas Zas

Daniel Castro García

Manuel Lourenzo Sobral

Deputada e deputados do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 08/09/2022 16:12:23

Daniel Castro García na data 08/09/2022 16:12:26

Mercedes Queixas Zas na data 08/09/2022 16:16:08





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Carme González Iglesias, Ramón Fernández Alfonso e Daniel Pérez López, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre o concerto do cantante C. Tangana en Vigo patrocinado pola Xunta de Galiza dentro da programación de Concertos do Xacobeo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 23 de agosto celebrouse en Vigo un concerto do cantante C. Tangana, patrocinado pola Xunta de Galiza dentro da programación de Concertos do Xacobeo.

Puxéronse a venda 6.000 entradas a un prezo de entre 39€ e 49€ que se esgotaron no inmediato.

No peirao de transatlánticos do Porto de Vigo, onde se celebrou o concerto, instalouse unha zona VIP máis elevada, cunha capacidade aproximada de 500 persoas, á que só se podía acceder con invitación.

Durante a celebración do concerto púidose ver como a esa zona VIP acceder cargos políticos do PP, familiares e amigos dos mesmos, persoeiros públicos, celebridades, ...





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Resulta inexplicable que nun concerto patrocinado con diñeiro público se habilite un espazo privilexiado, a maior altura que o público que pagou a súa entrada, para utilizar como prebendas.

Dende o BNG entendemos que os representantes institucionais, non poden utilizar o goberno para beneficiar a persoas afíns por encima da veciñanza.

Por todo o exposto anteriormente formúlase a seguinte interpelación:

- Como valora o goberno galego que os representantes públicos utilicen o goberno para beneficiar a persoas afíns por encima da veciñanza como sucedeu por exemplo no concerto de C. Tangana en Vigo?

- Con que cantidade patrocinou a Xunta de Galicia o concerto de C. Tangana en Vigo?

- Que outras administracións, entidades ou empresas patrocinaron este concerto? Con que cantidades?

- Cantas invitacións VIP se repartiron? Cantas persoas accederon ao concerto con invitación VIP?

- Como se distribuíron as invitacións VIP entre os patrocinadores? Cantas lle corresponderon a Xunta de Galiza?

- Que criterios se utilizaron para distribuír as invitacións que lle correspondían á Xunta de Galiza?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Como valora a Xunta de Galiza converter un concerto patrocinado con diñeiro público nun evento con área VIP privada para representantes políticos, familiares e amigos destes, celebridades e personaxes públicos?

Santiago de Compostela, 8 de setembro de 2022

Asdo.: **Carme González Iglesias**

Ramón Fernández Alfonso

Daniel Pérez López

Deputados e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María do Carme González Iglesias na data 08/09/2022 16:40:32

Ramón Fernández Alfonso na data 08/09/2022 16:40:43

Daniel Pérez López na data 08/09/2022 16:40:53





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Manuel Lourenzo Sobral e Daniel Castro García, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre a licitación da contratación da plataforma tecnolóxica Film Commission por parte da AGADIC.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Recentemente a AGADIC publicou a licitación para a contratación do servizo de creación, posta en marcha e mantemento da plataforma tecnolóxica de Galiza Film Comission, financiada ao 100% no marco do eixo REACT-UE do programa operativo Feder-Galiza 2014-2020 como resposta da Unión Europea á pandemia da covid-19.

O desenvolvemento desta Film Commission, como medida de impulso do sector audiovisual, pretende crear unha plataforma tecnolóxica que sexa lugar de encontro e de traballo do sector público e privado onde os profesionais, por unha banda, encontren un escaparate para ofrecer os seus produtos e servizos e pola outra, atopen todos os recursos necesarios para desenvolver o seu traballo.

Segundo a oferta de contratación, o obxectivo último é crear unha ferramenta que permita proxectar Galiza como como espazo de rodaxes. E esa ferramenta defínese como a creación dun novo portal web cun investimento económico de 400.000 euros durante un prazo de execución de 36 meses coa data do 1 de setembro de 2022 como previsíbel data de comezo do contrato.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto formúlase a seguinte interpelación:

- Como valora o goberno galego o proceso de creación, posta en marcha e mantemento da plataforma tecnolóxica de Galiza Film Commission?
- Cantos proxectos se presentaron ao proceso de contratación aberto en relación a esta plataforma?
- Como se vai concretar ao longo dos anos 2022, 2023, 2024 e 2025?
- Que recursos específicos vai ofrecer esa plataforma tecnolóxica e para quen van destinados?
- Como quedaría o papel do resto de Film Commissions que xa operan en Galiza?
- Con que estrutura de persoal esperan contar para dar servizo a esta plataforma?

Santiago de Compostela, 8 de setembro de 2022

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Daniel Castro García

Manuel Lourenzo Sobral

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 08/09/2022 17:26:02

Daniel Castro García na data 08/09/2022 17:26:08

Mercedes Queixas Zas na data 08/09/2022 17:26:17



ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO

2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS

2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR

2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO


3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

4.1. INFORMACIÓNS

4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

